

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 10 de outubro de 2005

SEÑORES/AS ASISTENTES:

D^a. Corina Porro Martínez
D. José Manuel Figueroa Vila
D^a. Lucia Molares Pérez
D. José Manuel Iglesias Carrera
D^a. Soledad Polo Lima
D. Carlos Comesaña Abalde
D. Antonio Coello Bufill
D^a. Marta Iglesias Bueno

NON ASISTEN:

D. Ignacio López-Chaves Castro.
D. Javier Jorge Guerra Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día dez de outubro de dous mil cinco e baixo a presidencia da Excm. Alcaldesa, Sra. Porro Martínez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Molares Pérez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están presentes por invitación, o concelleiro Sr. Couto Pérez, e o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1305).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión ordinaria do 26 de setembro de 2005. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila da Sra. alcaldesa-presidenta.

2(1306).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR: ALTA EXPTE 14/1224, 22/1086, 22/1335, 14/1285, 14/1096, 4/284 E 13/1237.

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os informes proposta do xefe de Sector de Acción Social, conformados pola delegada da Área de Participación Cidadá, a Xunta de Goberno Local acorda conceder a prestación do Servizo de Axuda no Fogar ás seguintes persoas:

- D. Antonio Silva Leiro. Expte. 14/1224
- D^a M. Gloria Varela Baquero. Expte. 22/1086
- D^a Carmen Tena García. Expte. 22/1335

- D^a Paz Novoa Moure. Expte. 14/1285
- D^a Rosa Pérez González. Xpte. 14/1096
- D^a Carmen Pérez Larrán. Expte. 4/284
- D^a Mercedes Cabaco Durán. Expte. 13/1237

3(1307).-PROPOSTA DE ANULACIÓN DE AXUDAS MUNICIPAIS ESCOLARES DE LIBROS CONCEDIDAS NA XGL 29-08-05 AOS ALUMNOS DE 1º, 2º E 5º DE EDUCACIÓN PRIMARIA POR MOR DO PROGRAMA DE GRATUIDADE DA XUNTA DE GALICIA. EXTPE. 12935/301.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da acta con proposta á Xunta de Goberno Local do 30-09-05 da Comisión de Avaliación da Convocatoria de Subvención de Axudas Municipais Escolares de libros e comedor en centros públicos e con concerto pleno de educación infantil (2ª etapa), educación primaria e secundaria, curso 2005-2006.

En Vigo, sendo as 10,00 horas do día 30 de setembro de 2005 reúnese, presididos pola Delegada de Área de Participación Cidadá, D^a Marta Iglesias Bueno, a Comisión de Avaliación da Convocatoria de subvención de Axudas Municipais Escolares de libros e comedor en centros públicos e con concerto pleno de educación infantil (2ª etapa), educación primaria e educación secundaria, curso 2005/06, aprobadas polo acordo da Xunta de Goberno Local na sesión do 4/4/2005 (BOP N^o 69 do 21/4/2005) con asistencia de D. Enrique J. Gómez García e D^a M^a Jesús Sanromán Varela que actúa a súa vez coma secretaria.

Educación primaria comprende tres ciclos de dous cursos académicos cada un. Primeiro ciclo de 6 a 8 anos (1º e 2º), segundo ciclo de 8 a 10 anos (3º e 4º) e terceiro ciclo de 10 a 12 anos (5º y 6º). Para o curso 2005/06 podían acceder a estas axudas de libros os alumnos de 1º, 2º e 5º de primaria, que segundo a cláusula décimo cuarta a contía sería de 86 euros que se aboaría mediante cheque bancario ao beneficiario, xa que para os outros cursos xa existía a gratuidade dos mesmos, implantada o longo do período 2003/2005 pola Consellería de Educación e Ordeación Universitaria da Xunta de Galicia.

A cláusula quinta das Bases das Axudas Municipais Escolares de libros e comedor estipula que a percepción das axudas de libros, material escolar e comedor son incompatibels con outras que lle foran outorgadas ao beneficiario individualmente para a mesma finalidade.

Sen embargo non poderán acceder ás Axudas de libros e material escolar aquelas familias con nenos/as matriculados/as en cursos nos que estea implantada ou se implante para o curso 2005/06, a gratuidade dos libros a través da Consellería de Educación e Ordeación Universitaria da Xunta de Galicia.

A Xunta de Goberno Local de data 29/08/2005 aproba a concesión das Axudas Municipais Escolares de libros e comedor para o curso 2005/06. En referencia as axudas de primaria (1º, 2º e 5º) que concedenselle a 413 familias que corresponde a 676 alumnos/as foron notificadas regularmente para o cobro da súa axuda. Estas axudas comenaron a aboarse a partires do día 5 de setembro.

No DOGA n^o 181, do martes 20 de setembro de 2005, publícase a Orde do 15 de setembro de 2005 pola que se amplía o programa de gratuidade de libros de texto en centros sostidos con fondos públicos para os niveis obrigatorios e gratuítos para o curso escolar 2005/06. Nesta orde establécese a gratuidade mediante subvención para os cursos de 1º, 2º e 5º de primaria, sendo o importe:

1º curso de educación primaria: 115 euros
2º curso de educación primaria: 115 euros
5º curso de educación primaria: 140 euros

A dita orde na súa Disposición Adicional Única establece que as axudas concedidas a través do programa de gratuidade dos libros de texto serán incompatibels con calquera outra axuda que se conceda para o mesmo fin.

Cando se anuncia pola Consellería de Educación e Ordeación Universitaria a ampliación da gratuidade dos libros para os cursos de 1º, 2º e 5º de primaria o Concello de Vigo a través do departamento de Benestar Social suspende o pago das axudas de primaria pola incompatibilidade destas coas publicadas na Orde nº 181 da Xunta de Galicia.

No momento desta suspensión, e dado que xa escomenzara o pagamento o día 5 de setembro, un total de 141 alumnos/as xa percibirán a súa axuda por un importe de 86,00 € cada un facendo un total de 12.126 €, non pagándose 26.230 € que corresponden a 535 alumnos/as.

1º, 2º e 5º primaria	TOTAL LIBROS	PRIMARIA PAGADO	PRIMARIA NO PAGADO
Solicitantes (pais/nais/tutores)	413	132	281
Alumnos/as	676	141	535
Importe	38.356 €	12.126 €	26.230 €

Tra-lo exposto propónse a Xunta de Goberno Local adopte os seguintes acordos:

“ 1.- Anular as Axudas Municipais Escolares de libros concedidas na Xunta de Goberno Local de data 29/08/2005 aos alumnos/as de 1º, 2º e 5º de educación primaria, por un importe de 38.356 €, pertencentes a 676 alumnos/as pola incompatibilidade coa Orde do 15 de setembro de 2005 pola que se amplia o programa da gratuidade dos libros de texto en centros sostidos con fondos públicos para os niveis obrigatorios e gratuitos para o curso escolar 2005/06, publicada no DOGA nº 181, do martes 20 de setembro de 2005. Achégase listado que comenza por Abeijón Moraña, Soledad e remata por Zimi, Dante Marcelo (Anexo I).

2.- Dar coñecemento a Consellería de Educación e Ordeación Universitaria da Xunta de Galicia dos 132 solicitantes que corresponden a 141 alumnos/as, por un importe de 12.126 €, os cales xa percibirán a axuda con anterioridade á publicación no DOGA nº 181, do martes 20 de setembro de 2005, da ampliación da gratuidade dos libros de texto de primaria, solicitando a dedución correspondente no momento do aboamento e reintegro ao concello. Achégase listado que comenza por Abeijón Moraña, Soledad e remata por Villar Lago, Marina (Anexo II).

3.- Conceder as Axudas Municipais Escolares de libros aos 29 solicitantes que se atopaban en lista de espera por un importe total de 2.694 €. Achégase listado que comenza por Ágreda Herrera, Nieves e remata por Rodríguez Vilaboa, Juan Manuel (Anexo III). “

Non obstante a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que se considere previo o informe xurídico do Técnico de Administración Xeral correspondente.

A antedita acta figura asinada pola delegada da área de Participación Cidadá coma presidenta, polo xefe do departamento de Benestar Social e pola traballadora social, instrutora do programa quen actúa coma secretaria.

Acordo.-

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta que se contén na antedita acta.

**4(1308).- CONTRATACIÓN CONCERTO DA ORQUESTRA WIENER AKADEMIE
- FESTIVAL DE MÚSICA “ARE MORE” 2005. EXPTE. 9160/331.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do técnico de actividades culturais do Servizo de Festas e Animación Sociocultural, do 28-09-05, conformado polo xefe do departamento de Cultura, polo concelleiro de dito Servizo e así mesmo polo interventor xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar o proxecto de contrato, que a seguir se transcribe, para a contratación, por procedemento negociado sen publicidade, dacordo co previsto no art. 210.b do RD 2/2000, dun concerto da orquestra *WIENER AKADEMIE*, o día 22 de outubro, ás 20,00 horas, no Teatro-Cine Fraga Caixagalicia, dentro do programa do *Festival de Música Are-More 2005*.

Segundo - Facultar ao concelleiro da Área de Asuntos Sociais para asinar o devandito contrato.

Terceiro.- Que se autorice un gasto por un importe total de 60.482,40.-€, con cargo á partida 451.0.226.08.03 do programa presupostario de Cultura para o exercicio 2005, en concepto da contratación do referido espectáculo e que se aboará á empresa UBIAGRANDAL S.L., CIF B-36916492.

Cuarto.- Que o pagamento se realice a través da conta de habilitación AUT 20 CULTURA CONCELLO DE VIGO 2091 0501 61 3110002567.

*PROXECTO DE CONTRATO DE PRESTACIÓN DE SERVIZOS PARA ACTUACIÓN ARTÍSTICA
WIENNER AKADEMIE
(Director: Martín Haselböck)
“IL TRIONFO DEL TEMPO E DEL DESINGANNO”*

En Vigo, o xx de xxxxxxxxxxxx de 2005

Dunha parte D. Ignacio López-Chaves Castro, en calidade de concelleiro da Área de Asuntos Sociais, e en representación do CONCELLO DE VIGO, CIF P-3605700-H , con domicilio social en Vigo, Praza do Rei s/n, CP 36202, que no presente contrato denominarase O CONCELLO.

Doutra parte D. Mario Ubiaga André, NIF 36105816-W, en calidade de Administrador único, e que actúa no nome da empresa denominada UBIAGRANDAL S.L., CIF B-36916492, e con domicilio en Vigo, rúa Príncipe, núm 34, 1º J, CP 36209; no sucesivo A AXENCIA.

S.ord. 10.10.05

Ámbalas dúas partes, na representación que ostentan, recoñécense capacidade xurídica suficiente para celebrar o presente contrato que rexirá de conformidade ás seguintes

CLÁUSULAS

OBXECTO DO CONTRATO

PRIMEIRA.- O CONCELLO contrata á AXENCIA para que realice un concerto da orquestra WIENER AKADEMIE, baixo a dirección de Martín Haselböck, no sucesivo O ARTISTA, co programa “Il Trionfo del tempo e del desinganno”, o sábado 22 de outubro de 2005, ás 20,00 horas, no recinto denominado Teatro-Cine Fraga-Caixagalicia. O ARTISTA efectuará un concerto dunha duración mínima de 70 minutos.

Este concerto inclúese como inauguración do FESTIVAL DE MÚSICA DE VIGO “ARE-MORE” 2005, que programa e organiza o departamento de Cultura do Concello de Vigo.

VALIDEZ

SEGUNDA.- A validez deste contrato será efectiva dende o momento en que se encontre en poder da AXENCIA, debidamente asinado e selado en todas as súas follas, incluídas as do ANEXO, sempre antes do día 15 de outubro de 2005.

RETRIBUCION E GASTOS

TERCEIRA.- A AXENCIA percibirá unha retribución de 52.140.- Euros máis 8.342,40.- Euros (en concepto de 16 % de IVE), o que fai un importe total de 60.482,40.-Euros (sesenta mil catrocentos oitenta e dous Euros con corenta céntimos), en concepto da realización do concerto do ARTISTA; este concepto tamén inclúe o seu equipo técnico e humano necesario, ademais dos correspondentes desprazamentos, aloxamentos e mantenza.

O pagamento deste importe realizarase mediante un talón nominativo a favor de UBIAGRANDAL S.L., que se entregará a D. Mario Ubiaga André, NIF 36.105.816-W, momentos antes do comezo do concerto, co ARTISTA no recinto, previa presentación de factura que se axustará aos requisitos establecidos no Real Decreto 2402/1985, do 18 de Decembro.

CUARTA.- Serán de conta do CONCELLO todos os gastos que se xeneren como consecuencia do concerto, entre os que se inclúen a modo de exemplo os de organización, xestión, seguros (agás o de cancelación para gastos de produción), publicidade e dereiros de autor.

PERMISOS

QUINTA.- O CONCELLO, como organizador, responsabilizarase da obtención dos permisos necesarios para a celebración da actuación no lugar e data determinados.

AFORO E ENTRADAS

SEXTA.- O local da actuación dispón dun aforo de 839 butacas (630 en patio de butcas, 177 en anfiteatro e 32 en palcos). O CONCELLO porá as correspondentes entradas á venda e será o beneficiario da total recaudación; tamén reservará invitacións protocolarias das que entregará á AXENCIA un máximo de dez (10).

O CONCELLO poderá establecer as condicións de acceso do público ao concerto, que difundirá adecuadamente e que imprimirá na parte posterior da entrada ou invitación.

IMAXE DO ARTISTA

SÉTIMA.- O CONCELLO non poderá comercializar por si ou a través de terceiros, en ningún momento, algunha mercadoría ou produto vinculados ao concerto obxeto deste contrato que utilice a imaxe, o nome ou logotipo do

ARTISTA, sen o previo consentimento da AXENCIA, por escrito. A AXENCIA reservarase o dereito da explotación de produtos relacionados co ARTISTA no día e lugar do concerto, acordando previamente co CONCELLO o lugar exacto e demais condicións de venda.

OITAVA.- Para efectuar calqueira retransmisión radiofónica, televisiva, toma de vídeo, fotografías ou calquera outro medio de gravación, será obrigatorio obter por escrito autorización da AXENCIA. Por este motivo, O CONCELLO non permitirá a entrada no local do concerto de ningún tipo de cámara de vídeo ou cine, gravadoras ou calquera instrumento ou aparato que rexistre ou reproduza son ou imaxe. O CONCELLO advertirá ao público sobre a imposibilidade de acceder ao local con estes obxectos.

NOVENA.- A AXENCIA fixará os contactos promocionais oportunos, consistentes en citas e en entrevistas cos medios de comunicación e demais persoas vinculadas ao espectáculo, polo que disporá dos pases necesarios ao lugar do concerto a fin de atender os seus compromisos.

A AXENCIA comunicará ao CONCELLO, con sete días de antelación, as normas para que os medios de comunicación poidan realizar a cobertura informativa do concerto. No caso contrario, enténdese que os medios acreditados polo CONCELLO poderán rexistrar imaxes e son dos cinco primeiros minutos do concerto.

PUBLICIDADE

DÉCIMA.- O CONCELLO, dende a sinatura do presente contrato, comprométese a realizar unha campaña de publicidade axeitada ao concerto, para o que A AXENCIA porá á súa disposición os elementos publicitarios que se consideren necesarios.

PATROCINIOS

DÉCIMO PRIMEIRA.- O CONCELLO poderá contar coa colaboración de institucións públicas ou empresas privadas no seu programa xeral de actividades do festival, o que implica que se reserva o dereito de poder exhibir publicidade ou anagramas dos seus colaboradores na publicidade xeral, así como no recinto do concerto e nos seus aledaños, excepto no escenario, co obxecto de evitar a asociación da imaxe do ARTISTA cos citados colaboradores.

O Festival de Música de Vigo ARE-MORE 2005 está patrocinado a nivel xeral pola FUNDACIÓN CAIXAGALICIA e a XUNTA DE GALICIA, polo que os seus logos aparecerán na publicidade xeral.

Ademais, este concerto concreto de inauguración do festival contará co patrocinio específico da empresa PSA-PEUGEOT-CITRÖEN.

DÉCIMO SEGUNDA.- Se o concerto ou xira do ARTISTA dispón dalgún patrocinador, A AXENCIA, cunha antelación mínima de 30 días respecto á data do concerto, comunicará esta situación ao CONCELLO, quen poderá cancelar o contrato se existise algunha incompatibilidade cos seus propios patrocinadores. Neste caso, o CONCELLO comunicará esta circunstancia á AXENCIA nun prazo de 10 días, sen que corresponda indemnización algunha á AXENCIA.

SEGURIDADE DO CONCERTO

DÉCIMO TERCEIRA.- O CONCELLO responsabilizarase da seguridade xeral do concerto, polo que serán da súa conta a contratación dos medios mínimos definidos neste contrato ou no seu anexo, ademais do que se derive do Regulamento xeral de policía de espectáculos e actividades recreativas e outra lexislación aplicábel; sen perxuízo da responsabilidade que corresponda ao propietario do local do concerto.

DÉCIMO CUARTA.- Sen perxuízo das responsabilidades que se poideran atribuír á AXENCIA ou ao ARTISTA sobre o cumprimento da súas obrigas en materia de seguridade, O CONCELLO cumprirá coas que lle correspondan.

DÉCIMO QUINTA.-O CONCELLO será responsábel de impedir que se introduzan no local do concerto obxectos que puideran resultar perigosos para a integridade física das persoas ou que poidan causar danos materiais aos elementos que formen parte do concerto.

DÉCIMO SEXTA.- O CONCELLO asume a obriga de garantir que en ningún caso o público teña acceso ao escenario, estruturas e equipos de son e luces, camerinos, etc., e, en xeral, aquelas zonas que se definan como perigosas para as persoas ou para o bo desenvolvemento do concerto.

DÉCIMO SÉTIMA.- O CONCELLO responderá da perda ou deterioro de todos os obxectos que O ARTISTA instale no local do concerto, tanto dos instrumentos e materiais de escenario, como dos efectos persoais de camerino, sempre e cando A AXENCIA entregue antes da súa entrada no recinto unha declaración escrita na que se detalle ese material ao CONCELLO.

INSTALACIÓNS

DÉCIMO OITAVA.- O CONCELLO porá a disposición da AXENCIA o recinto do concerto desde as 9:00 horas da día anterior ao concerto e até as dúas horas despois da súa finalización.

DÉCIMO NOVENA.- As instalacións, dependencias, persoal e servizos do lugar do concerto estarán en perfecto estado de disponibilidad, según as obrigas e condicións definidas en este contrato e o seu anexo, para asumir polo CONCELLO.

SUSPENSIÓN DO CONCERTO

VIXÉSIMA.- Se por calquera causa allea á AXENCIA, incluso fenómenos atmosféricos ou de forza maior, o concerto houbera de suspenderse, A AXENCIA percibirá a totalidade das súas retribucións. A decisión sobre a suspensión será tomada conxuntamente entre os representantes da AXENCIA e do CONCELLO, mediante a sinatura dunha acta de conformidade.

VIXÉSIMO PRIMEIRA.- Se dende a sinatura do presente documento, O CONCELLO decidira suspender o concerto unilateralmente, A AXENCIA percibirá a totalidade das súas retribucións.

VIXÉSIMO SEGUNDA.- Só no caso de enfermidade ou forza maior xustificada do ARTISTA ou dalgún compoñente do seu equipo que lle impida cumprir os compromisos adquiridos mediante o presente documento, poderá A AXENCIA rescindir o mesmo, sen ningún dereito a indemnización por parte do CONCELLO; neste caso, A AXENCIA non percibirá cantidade algunha do pactado no presente contrato. Por este motivo, A AXENCIA comprométese a suscribir un seguro que, en caso de incomparecencia do artista, cubra os gastos de produción.

INCUMPRIMENTOS E COMPROMISOS

VIXÉSIMO TERCEIRA.- O incumprimento, total ou parcial, por parte do CONCELLO do establecido en calquera das estipulacións do presente documento, facultará á AXENCIA a rescindir o contrato.

VIXÉSIMO CUARTA.- O CONCELLO non asume respecto ao ARTISTA ou á AXENCIA ningunha outra obriga ou compromiso que non estea indicado expresamente neste contrato e nos seus Anexos.

XURISDICIÓN

VIXÉSIMO QUINTA.- As partes contratantes sométense aos Tribunais da xurisdicción que corresponda á cidade onde se realiza o concerto, con expresa renuncia de calquera outro foro de xurisdicción que puidera corresponderlles, para resolver cantas cuestións puideran derivarse con motivo da interpretación ou cumprimento do presente contrato.

E en proba de conformidade, asinan as partes este documento por triplicado e a un só efecto, no lugar e data indicados.

POLO CONCELLO

POLA AXENCIA

D. IGNACIO LÓPEZ-CHAVES CASTRO
(Concelleiro de Asuntos Sociais)

MARIO UBIAGA ANDRÉ
(UBIAGRANDAL S.L.)

ANEXO DE CONDICIÓN S TÉCNICAS

1. INSTALACIÓN S E EQUIPAMENTOS.

1.1. ESCENARIO.

A AXENCIA coñece e acepta as condición s de escenario existentes no recinto de actuación.

1.2. SON E ILUMINACIÓN.

Non se precisa equipo de son; o de iluminación será por conta da AXENCIA.

1.3. BACKLINE.

Será por conta da AXENCIA calquera elemento de “backline” necesario para a realización do concerto, especialmente o aluguer e afinamento dun clave italiano 430 Hz.

Será por conta do CONCELLO: 26 cadeiras sen brazo para os músicos e 4 para os solistas; 26 atriles para músicos, 4 para solistas e 1 para o director; 1 taburete para contrabaixo; 1 podium para o director; 4 tarimas de 2 x 1,5 metros; un contrabaixo.

1.4 RECINTO E INSTALACIÓN S.

O CONCELLO e A AXENCIA coñecen e aceptan as características xerais do local e as súas instalación s e considéranas axustadas ás necesidades do concerto.

2. ÁREAS RESERVADAS OU DE ACCESO RESTRINXIDO.

- camerinos
- saída ao escenario (entre caixas)
- pasillos entre camerinos e escenario

3. ACOMETIDAS ELÉCTRICAS.

Non se precisan

4. CAMERINOS.

O CONCELLO proveerá ao ARTISTA de CATRO camerinos de uso exclusivo, aillados do público, próximos ao escenario e con acceso directo ao mesmo, con capacidade suficiente para as características do espectáculo.

Os camerinos estarán limpos e debidamente acondicionados, provistos dos seguintes elementos: servizos sanitarios e ducha, luz eléctrica, auga corrente, enchufes a 220 voltios, cadeiras, mesas, espellos, toallas, xabón, papel hixiénico e pechadura con chave.

Ninguén alleo á AXENCIA ou ao ARTISTA, sen a súa autorización, accederá aos camerinos, que estarán dispoñíbeis e vixiados dende o inicio das montaxes ata o final da desmontaxe. O CONCELLO facilitará á AXENCIA ou ao ARTISTA o acceso inmediato aos camerinos cando estos llo requiran.

5. CATERING.

O CONCELLO deberá suministrar no camerino do ARTISTA cunha antelación de UNHA HORA respecto á hora do comezo do concerto o seguinte catering: auga mineral, cafés e/ou infusións, frutos secos e sandwiches variados.

Tamén O CONCELLO proveerá de auga mineral aos técnicos antes (montaxes), durante e despois (desmontaxes) do concerto.

6. VEHÍCULOS.

O CONCELLO xestionará que os vehículos que transporten o equipo do ARTISTA teñan acceso directo ao escenario ou ás portas do local da actuación; en caso contrario, O CONCELLO proveerá ao seu cargo os medios necesarios para desprazar alí os equipos.

O CONCELLO xestionará ou habilitará un espazo para circulación ou aparcadoiro de DOUS vehículos do ARTISTA e da AXENCIA que participen na realización do concerto, para o que A AXENCIA deberá facilitarlle ao CONCELLO, cunha antelación mínima de 15 días naturais respecto á data do concerto, os datos necesarios dos vehículos.

7. MERCHANDISING.

O CONCELLO facilitaralle, se é o caso, á AXENCIA un espazo e mesa para o “merchandising” do ARTISTA, e unha persona para a súa atención e venda.

8. PERSOAL DE PRODUCCIÓN.

8.1. RESPONSÁBEL DE PRODUCCIÓN.

O CONCELLO designará a unha persoa como único interlocutor válido ante A AXENCIA para as cuestións de produción e organización relacionadas co concerto. A AXENCIA coñecerá de antemán a identidade do responsábel da produción, que estará presente no lugar do concerto á hora que se acorde para iniciar as montaxes. Durante o tempo de vixencia do contrato, o responsábel da produción estará permanentemente localizábel.

8.2. ELECTRICISTA.

O CONCELLO porá a disposición da AXENCIA un electricista cualificado e coñecedor da instalación do lugar do concerto, que terá que estar presente á chegada dos equipos do ARTISTA, durante as probas de son ou ensaios técnicos e durante o concerto. O resto do tempo no que estea vixente o contrato, estará permanentemente localizábel.

8.3. MANTEMENTO.

O CONCELLO ocuparase do mantemento das instalacións do local do concerto, polo que disporá ao seu cargo do persoal e materiais axeitados.

8.4. OUTRO PERSOAL.

Será a cargo do CONCELLO calquer outro persoal necesario para a organización do concerto, como por exemplo: taquilleiros, porteiros, acomodadores.

9. VIXILANCIA E SEGURIDADE.

O CONCELLO disporá dun equipo humano para realizar o servizo de vixilancia e seguridade que estará formado por persoal civil e especializado, e que deberá impedir a proximidade de persoas ao escenario, camerinos, “backstage”, equipos de son e luces, etc., de forma efectiva pero absolutamente respetuosa coas persoas. Este servizo cumprirá as obrigas de seguridade que se atribúen ao CONCELLO neste contrato.

O servizo de vixilancia e seguridade estará dispoñíbel dende 30 minutos antes do concerto até o final do mesmo. O persoal de seguridade atenderá

- zona de camerinos e pasillos
- acceso ao escenario e “backstage”
- equipos de son e de iluminación

As indicacións dos responsábeis de produción designados polo CONCELLO, co obxecto de contribuir ao bo desenvolvemento do concerto e dar cobertura ás obrigas adquiridas polo CONCELLO ante A AXENCIA e O ARTISTA, en canto á vixilancia e seguridade.

Até o momento de apertura de portas ao público, ao lugar do concerto só poderá acceder o persoal relacionado coa AXENCIA, O ARTISTA e o persoal de organización do CONCELLO. Todo o persoal relacionado co concerto deberá levar en lugar visible unha acreditación.

Dende 15 (quince) minutos antes do momento de apertura de portas ao público, O CONCELLO montará un dispositivo de seguridade integrado, como mínimo, por CATRO persoas identificábeis con acreditacións visíbeis.

O CONCELLO comunicará á AXENCIA a identidade da persoa que dirixirá o servizo de vixilancia e seguridade, que estará permanentemente localizábel durante a vixencia do contrato e no lugar do concerto dende o momento de inicio da montaxe do dispositivo de seguridade, que funcionará antes da apertura de portas ao público.

10. ACTUACIÓN E ENSAIO.

10.1. DISPONIBILIDADE DE ESCENARIO E ACOMETIDAS ELÉCTRICAS.

Durante a xornada completa do día do concerto

10.2. ENSAIO TÉCNICO.

O ARTISTA precisa realizar un ensaio técnico no lugar do concerto, que terá unha duración de DÚAS horas aproximadamente, e que se realizará o día da actuación no horario que se acorde. Durante estes ensaios técnicos, non poderá haber persoas alleas á organización do concerto.

10.3. HORARIOS (ACTUACIÓN E PORTAS).

O concerto comezará con estricta puntualidade á hora fixada neste contrato, que será a anunciada ao público. A apertura de portas ao público producirase media hora antes do concerto. Nese momento entrará en funcionamento a totalidade do dispositivo de seguridade e terán que estar finalizados todos os ensaios técnicos.

11. PUBLICIDADE.

A AXENCIA porá a disposición do CONCELLO, coa suficiente antelación, o material básico para a promoción do concerto: un dossier artístico (currículo dos artistas, músicos..., programa completo), fotografías de calidade en CD, fragmentos musicais en CD para medios radiofónicos...

12. PROGRAMA.

O programa a interpretar será o que figura como anexo II do presente contrato; calquera modificación deberá ser comunicada pola AXENCIA por escrito e deberá contar, no seu caso, coa conformidade da dirección artística do festival.

Ámbalas dúas partes comprométense a cumprir todos os compromisos integrados neste contrato e anexo de condicións técnicas do espectáculo; así como a acordar outras estipulacións que contribúan á perfecta realización da actuación.

E en proba de conformidade, asinan as partes este documento por triplicado e a un só efecto, no lugar e data indicados.

5(1309).- CONTRATACIÓN CONCERTO DA ORQUESTRA ODHECATON - FESTIVAL DE MÚSICA “ARE MORE” 2005. EXPTE. 9161/331.

Examinadas as actuacións do expediente, de acordo co informe-proposta do técnico de actividades culturais do Servizo de Festas e Animación Sociocultural do 28-09-05, conformado polo xefe do departamento de Cultura, polo concelleiro do Servizo e así mesmo polo interventor xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar o proxecto de contrato, que se achega no expediente, para a contratación, por procedemento negociado sen publicidade, de acordo co previsto no art. 210.b do RD 2/2000, dun concerto da orquestra ODHECATON, o día 30 de outubro, ás 20,45 horas, na Parroquia-Santuario “María Auxiliadora”, dentro do programa do *Festival de Música Are-More 2005*.

Segundo.- Facultar ao concelleiro da Área de Asuntos Sociais para asinar o presente contrato.

Terceiro.- Autorizar un gasto por un importe total de 16.288,72.-€, con cargo á partida 451.0.226.08.03 do programa presupostario de Cultura para o Exercicio 2005, en concepto da contratación do referido espectáculo e que se aboará á empresa UBIAGRANDAL S.L., CIF B-36916492.

Cuarto.- O pagamento realizarase a través da conta de habilitación AUT 20 CULTURA CONCELLO DE VIGO 2091 0501 61 3110002567.

*PROXECTO DE CONTRATO DE PRESTACIÓN DE SERVIZOS PARA ACTUACIÓN ARTÍSTICA
ODHECATON
(Director: Paolo da Col)
“IMAGO VIRGINS”*

En Vigo, o xx de xxxxxxxxxxxx de 2005

Dunha parte D. Ignacio López-Chaves Castro, en calidade de concelleiro da Área de Asuntos Sociais, e en representación do CONCELLO DE VIGO, CIF P-3605700-H , con domicilio social en Vigo, Praza do Rei s/n, CP 36202, que no presente contrato denominarase O CONCELLO.

Doutra parte D. Mario Ubiaga André, NIF 36105816-W, en calidade de Administrador único, e que actúa no nome da empresa denominada UBIAGRANDAL S.L., CIF B-36916492, e con domicilio en Vigo, rúa Príncipe, núm 34, 1º J, CP 36209; no sucesivo A AXENCIA.

Ámbalas dúas partes, na representación que ostentan, recoñécense capacidade xurídica suficiente para celebrar o presente contrato que rexirá de conformidade ás seguintes

CLÁUSULAS

OBXECTO DO CONTRATO

PRIMEIRA.- O CONCELLO contrata á AXENCIA para que realice un concerto da orquestra ODHECATON, baixo a dirección de Paolo da Col, no sucesivo O ARTISTA, co programa “Imago Virgins”, o domingo 30 de outubro de 2005, ás 20,45 horas, no recinto denominado Parroquia-Santuario “María Auxiliadora”. O ARTISTA efectuará un concerto dunha duración mínima de 60 minutos.

Este concerto inclúese na programación do FESTIVAL DE MÚSICA DE VIGO “ARE-MORE” 2005, que programa e organiza o departamento de Cultura do Concello de Vigo.

VALIDEZ

SEGUNDA.- A validez deste contrato será efectiva dende o momento en que se encontre en poder da AXENCIA, debidamente asinado e selado en todas as súas follas, incluídas as do ANEXO, sempre antes do día 15 de outubro de 2005.

RETRIBUCION E GASTOS

TERCEIRA.- A AXENCIA percibirá unha retribución de 14.042.- Euros máis 2.246,72.- Euros (en concepto de 16 % de IVE), o que fai un importe total de 16.288,72.-Euros (dezaseis mil douscentos oitenta e oito euros con setenta e dous céntimos), en concepto da realización do concerto do ARTISTA; este concepto tamén inclúe o seu equipo técnico e humano necesario, ademais dos correspondentes desprazamentos, aloxamentos e mantenza.

O pagamento deste importe realizarase mediante un talón nominativo a favor de UBIAGRANDAL S.L., que se entregará a D. Mario Ubiaga André, NIF 36.105.816-W, momentos antes do comezo do concerto, co ARTISTA no recinto, previa presentación de factura que se axustará aos requisitos establecidos no Real Decreto 2402/1985, do 18 de Decembro.

CUARTA.- Serán de conta do CONCELLO todos os gastos que se xeneren como consecuencia do concerto, entre os que se inclúen a modo de exemplo os de organización, xestión, seguros (agás o de cancelación para gastos de produción), publicidade e dereiros de autor.

PERMISOS

QUINTA.- O CONCELLO, como organizador, responsabilizarase da obtención dos permisos necesarios para a celebración da actuación no lugar e data determinados.

AFORO E FORMA DE ACCESO

SEXTA.- O acceso ao recinto de actuación será libre e gratuíta, até completar o seu aforamento.

IMAXE DO ARTISTA

SÉTIMA.- O CONCELLO non poderá comercializar por si ou a través de terceiros, en ningún momento, algunha mercadoría ou produto vinculados ao concerto obxecto deste contrato que utilice a imaxe, o nome ou logotipo do ARTISTA, sen o previo consentimento da AXENCIA, por escrito. A AXENCIA reservarase o dereito da explotación de produtos relacionados co ARTISTA no día e lugar do concerto, acordando previamente co CONCELLO o lugar exacto e demais condicións de venda.

OITAVA.- Para efectuar calqueira retransmisión radiofónica, televisiva, toma de vídeo, fotografías ou calquera outro medio de gravación, será obrigatorio obter por escrito autorización da AXENCIA. Por este motivo, O CONCELLO non permitirá a entrada no local do concerto de ningún tipo de cámara de vídeo ou cine, gravadoras ou calquera instrumento ou aparato que rexistre ou reproduza son ou imaxe. O CONCELLO advertirá ao público sobre a imposibilidade de acceder ao local con estes obxectos.

NOVENA.- A AXENCIA fixará os contactos promocionais oportunos, consistentes en citas e en entrevistas cos medios de comunicación e demais persoas vinculadas ao espectáculo, polo que disporá dos pases necesarios ao lugar do concerto a fin de atender os seus compromisos.

A AXENCIA comunicará ao CONCELLO, con sete días de antelación, as normas para que os medios de comunicación poidan realizar a cobertura informativa do concerto. No caso contrario, enténdese que os medios acreditados polo CONCELLO poderán rexistrar imaxes e son dos cinco primeiros minutos do concerto.

PUBLICIDADE

DÉCIMA.- O CONCELLO, dende a sinatura do presente contrato, comprométese a realizar unha campaña de publicidade axeitada ao concerto, para o que A AXENCIA porá á súa disposición os elementos publicitarios que se consideren necesarios.

PATROCINIOS

DÉCIMO PRIMEIRA.- O CONCELLO poderá contar coa colaboración de institucións públicas ou empresas privadas no seu programa xeral de actividades do festival, o que implica que se reserva o dereito de poder exhibir publicidade ou anagramas dos seus colaboradores na publicidade xeral, así como no recinto do concerto e nos seus aledaños, excepto no escenario, co obxecto de evitar a asociación da imaxe do ARTISTA cos citados colaboradores.

O Festival de Música de Vigo ARE-MORE 2005 está patrocinado a nivel xeral pola FUNDACIÓN CAIXAGALICIA e a XUNTA DE GALICIA, polo que os seus logos aparecerán na publicidade xeral.

DÉCIMO SEGUNDA.- Se o concerto ou xira do ARTISTA dispón dalgún patrocinador, A AXENCIA, cunha antelación mínima de 30 días respecto á data do concerto, comunicará esta situación ao CONCELLO, quen poderá cancelar o contrato se existise algunha incompatibilidade cos seus propios patrocinadores. Neste caso, o CONCELLO comunicará esta circunstancia á AXENCIA nun prazo de 10 días, sen que corresponda indemnización algunha á AXENCIA.

SEGURIDADE DO CONCERTO

DÉCIMO TERCEIRA.- O CONCELLO responsabilizarase da seguridade xeral do concerto, polo que serán da súa conta a contratación dos medios mínimos definidos neste contrato ou no seu anexo, ademais do que se derive do Regulamento xeral de policía de espectáculos e actividades recreativas e outra lexislación aplicábel; sen perxuízo da responsabilidade que corresponda ao propietario do local do concerto.

DÉCIMO CUARTA.- Sen perxuízo das responsabilidades que se poideran atribuír á AXENCIA ou ao ARTISTA sobre o cumprimento da súas obrigas en materia de seguridade, O CONCELLO cumprirá coas que lle correspondan.

DÉCIMO QUINTA.- O CONCELLO será responsábel de impedir que se introduzan no local do concerto obxectos que puideran resultar perigosos para a integridade física das persoas ou que poidan causar danos materiais aos elementos que formen parte do concerto.

DÉCIMO SEXTA.- O CONCELLO asume a obriga de garantir que en ningún caso o público teña acceso ao escenario, estruturas e equipos de son e luces, camerinos, etc., e, en xeral, aquelas zonas que se definan como perigosas para as persoas ou para o bo desenvolvemento do concerto.

DÉCIMO SÉTIMA.- O CONCELLO responderá da perda ou deterioro de todos os obxectos que O ARTISTA instale no local do concerto, tanto dos instrumentos e materiais de escenario, como dos efectos persoais de camerino, sempre e cando A AXENCIA entregue antes da súa entrada no recinto unha declaración escrita na que se detalle ese material ao CONCELLO.

INSTALACIÓNS

DÉCIMO OITAVA.- O CONCELLO porá a disposición da AXENCIA o recinto do concerto desde as 9:00 horas da data do concerto e até as dúas horas despois da súa finalización.

DÉCIMO NOVENA.- As instalacións, dependencias, persoal e servizos do lugar do concerto estarán en perfecto estado de dispoñibilidade, según as obrigas e condicións definidas en este contrato e o seu anexo, para asumir polo CONCELLO.

SUSPENSIÓN DO CONCERTO

VIXÉSIMA.- Se por calquera causa allea á AXENCIA, incluso fenómenos atmosféricos ou de forza maior, o concerto houbera de suspenderse, A AXENCIA percibirá a totalidade das súas retribucións. A decisión sobre a suspensión será tomada conxuntamente entre os representantes da AXENCIA e do CONCELLO, mediante a sinatura dunha acta de conformidade.

VIXÉSIMO PRIMEIRA.- Se dende a sinatura do presente documento, O CONCELLO decidira suspender o concerto unilateralmente, A AXENCIA percibirá a totalidade das súas retribucións.

VIXÉSIMO SEGUNDA.- Só no caso de enfermidade ou forza maior xustificada do ARTISTA ou dalgún compoñente do seu equipo que lle impida cumprir os compromisos adquiridos mediante o presente documento, poderá A AXENCIA rescindir o mesmo, sen ningún dereito a indemnización por parte do CONCELLO; neste caso, A AXENCIA non percibirá cantidade algunha do pactado no presente contrato. Por este motivo, A AXENCIA comprométese a suscribir un seguro que, en caso de incomparecencia do artista, cubra os gastos de produción.

INCUMPRIMENTOS E COMPROMISOS

VIXÉSIMO TERCEIRA.- O incumprimento, total ou parcial, por parte do CONCELLO do establecido en calquera das estipulacións do presente documento, facultará á AXENCIA a rescindir o contrato.

VIXÉSIMO CUARTA.- O CONCELLO non asume respecto ao ARTISTA ou á AXENCIA ningunha outra obriga ou compromiso que non estea indicado expresamente neste contrato e nos seus Anexos.

XURISDICCIÓN

VIXÉSIMO QUINTA.- As partes contratantes sométense aos Tribunais da xurisdicción que corresponda á cidade onde se realiza o concerto, con expresa renuncia de calquera outro foro de xurisdicción que puidera corresponderlles, para resolver cantas cuestións puideran derivarse con motivo da interpretación ou cumprimento do presente contrato.

E en proba de conformidade, asinan as partes este documento por triplicado e a un só efecto, no lugar e data indicados.

POLO CONCELLO

POLA AXENCIA

D. IGNACIO LÓPEZ-CHAVES CASTRO
(Concelleiro de Asuntos Sociais)

MARIO UBIAGA ANDRÉ
(UBIAGRAN DAL S.L.)

ANEXO DE CONDICIÓN S TÉCNICAS

1. INSTALACIÓNS E EQUIPAMENTOS.

1.1. ESCENARIO.

A AXENCIA coñece e acepta as condicións de escenario existentes no recinto de actuación.

1.2. SON E ILUMINACIÓN.

Non se precisa equipo de son; o de iluminación será por conta da AXENCIA.

1.3. BACKLINE.

Será por conta da AXENCIA calquera elemento de “backline” necesario para a realización do concerto.

Será por conta do CONCELLO: atril de director e atriles con luz para cantantes; tarima para director e dúas tarimas para o coro; 9 cadeiras

1.4 RECINTO E INSTALACIÓNS.

O CONCELLO e A AXENCIA coñecen e aceptan as características xerais do local e as súas instalacións e considéranas axustadas ás necesidades do concerto.

2. ÁREAS RESERVADAS OU DE ACCESO RESTRINXIDO.

- camerinos
- saída ao escenario (entre caixas)
- pasillos entre camerinos e escenario

3. ACOMETIDAS ELÉCTRICAS.

Non se precisan

4. CAMERINOS.

O CONCELLO proveerá ao ARTISTA dun camerino de uso exclusivo, aillado do público, próximo ao escenario e con acceso directo ao mesmo, con capacidade suficiente para as características do espectáculo.

Os camerinos estarán limpos e debidamente acondicionados, provistos dos seguintes elementos: servizos sanitarios e ducha, luz eléctrica, auga corrente, enchufes a 220 voltios, cadeiras, mesas, espellos, toallas, xabón, papel hixiénico e pechadura con chave.

Ninguén alleo á AXENCIA ou ao ARTISTA, sen a súa autorización, accederá aos camerinos, que estarán dispoñíbeis e vixiados dende o inicio das montaxes ata o final da desmontaxe. O CONCELLO facilitará á AXENCIA ou ao ARTISTA o acceso inmediato aos camerinos cando estes llo requiran.

5. CATERING.

O CONCELLO deberá suministrar no camerino do ARTISTA cunha antelación de UNHA HORA respecto á hora do comezo do concerto o seguinte catering: auga mineral, cafés e/ou infusións.

Tamén O CONCELLO proveerá de auga mineral aos técnicos antes (montaxes), durante e despois (desmontaxes) do concerto.

6. VEHÍCULOS.

O CONCELLO xestionará que os vehículos que transporten o equipo do ARTISTA teñan acceso directo ao escenario ou ás portas do local da actuación; en caso contrario, O CONCELLO proveerá ao seu cargo os medios necesarios para desprazar alí os equipos.

O CONCELLO xestionará ou habilitará un espazo para circulación ou aparcadoiro de DOUS vehículos do ARTISTA e da AXENCIA que participen na realización do concerto, para o que A AXENCIA deberá facilitarlle ao CONCELLO, cunha antelación mínima de 15 días naturais respecto á data do concerto, os datos necesarios dos vehículos.

7. MERCHANDISING.

O CONCELLO facilitaralle, se é o caso, á AXENCIA un espazo e mesa para o “merchandising” do ARTISTA, e unha persona para a súa atención e venda.

8. PERSOAL DE PRODUCCIÓN.

8.1. RESPONSÁBEL DE PRODUCCIÓN.

O CONCELLO designará a unha persoa como único interlocutor válido ante A AXENCIA para as cuestións de produción e organización relacionadas co concerto. A AXENCIA coñecerá de antemán a identidade do responsábel da produción, que estará presente no lugar do concerto á hora que se acorde para iniciar as montaxes. Durante o tempo de vixencia do contrato, o responsábel da produción estará permanentemente localizábel.

8.2. ELECTRICISTA.

O CONCELLO porá a disposición da AXENCIA un electricista cualificado e coñecedor da instalación do lugar do concerto, que terá que estar presente á chegada dos equipos do ARTISTA, durante as probas de son ou ensaios técnicos e durante o concerto. O resto do tempo no que estea vixente o contrato, estará permanentemente localizábel.

8.3. MANTEMENTO.

O CONCELLO ocuparse do mantemento das instalacións do local do concerto, polo que disporá ao seu cargo do persoal e materiais axeitados.

8.4. OUTRO PERSOAL.

Será a cargo do CONCELLO calquer outro persoal necesario para a organización do concerto, como por exemplo: taquilleiros, porteiros, acomodadores.

9. VIXILANCIA E SEGURIDADE.

O CONCELLO disporá dun equipo humano para realizar o servizo de vixilancia e seguridade que estará formado por persoal civil e especializado, e que deberá impedir a proximidade de persoas ao escenario, camerinos, “backstage”, equipos de son e luces, etc., de forma efectiva pero absolutamente respetuosa coas persoas. Este servizo cumprirá as obrigas de seguridade que se atribúen ao CONCELLO neste contrato.

O servizo de vixilancia e seguridade estará dispoñíbel dende 30 minutos antes do concerto até o final do mesmo. O persoal de seguridade atenderá

- zona de camerinos e pasillos
- acceso ao escenario e “backstage”
- equipos de son e de iluminación

As indicacións dos responsábeis de produción designados polo CONCELLO, co obxecto de contribuir ao bo desenvolvemento do concerto e dar cobertura ás obrigas adquiridas polo CONCELLO ante A AXENCIA e O ARTISTA, en canto á vixilancia e seguridade.

Até o momento de apertura de portas ao público, ao lugar do concerto só poderá acceder o persoal relacionado coa AXENCIA, O ARTISTA e o persoal de organización do CONCELLO. Todo o persoal relacionado co concerto deberá levar en lugar visible unha acreditación.

Dende 15 (quince) minutos antes do momento de apertura de portas ao público, O CONCELLO montará un dispositivo de seguridade integrado, como mínimo, por CATRO persoas identificábeis con acreditacións visíbeis.

O CONCELLO comunicará á AXENCIA a identidade da persoa que dirixirá o servizo de vixilancia e seguridade, que estará permanentemente localizábel durante a vixencia do contrato e no lugar do concerto dende o momento de inicio da montaxe do dispositivo de seguridade, que funcionará antes da apertura de portas ao público.

10. ACTUACIÓN E ENSAIO.

10.1. DISPONIBILIDADE DE ESCENARIO E ACOMETIDAS ELÉCTRICAS.

Durante a xornada completa do día do concerto

10.2. ENSAIO TÉCNICO.

O ARTISTA precisa realizar un ensaio técnico no lugar do concerto, que terá unha duración de DÚAS horas aproximadamente, e que se realizará o día da actuación no horario que se acorde. Durante estes ensaios técnicos, non poderá haber persoas alleas á organización do concerto.

10.3. HORARIOS (ACTUACIÓN E PORTAS).

O concerto comezará con estricteza puntualidade á hora fixada neste contrato, que será a anunciada ao público. A apertura de portas ao público producirase media hora antes do concerto. Nese momento entrará en funcionamento a totalidade do dispositivo de seguridade e terán que estar finalizados todos os ensaios técnicos.

11. PUBLICIDADE.

A AXENCIA porá a disposición do CONCELLO, coa suficiente antelación, o material básico para a promoción do concerto: un dossier artístico (currículo dos artistas, músicos..., programa completo), fotografías de calidade en CD, fragmentos musicais en CD para medios radiofónicos...

12. PROGRAMA.

O programa a interpretar será o que figura como anexo II do presente contrato; calquera modificación deberá ser comunicada pola AXENCIA por escrito e deberá contar, no seu caso, coa conformidade da dirección artística do festival.

Ámbalas dúas partes comprométense a cumprir todos os compromisos integrados neste contrato e anexo de condicións técnicas do espectáculo; así como a acordar outras estipulacións que contribúan á perfecta realización da actuación.

E en proba de conformidade, asinan as partes este documento por triplicado e a un só efecto, no lugar e data indicados.

POLO CONCELLO

POLA AXENCIA

D. IGNACIO LÓPEZ-CHAVES CASTRO
(Concelleiro de Asuntos Sociais)

MARIO UBIAGA ANDRÉ
(UBIAGRANDAL S.L.)

6(1310).-CONTRATACIÓN CONCERTO EN FAMILIA CON FERNANDO ARGENTA - FESTIVAL DE MÚSICA "ARE MORE" 2005. EXPTE. 9162/331.

Examinadas as actuacións do expediente, de acordo co informe-proposta do técnico de actividades culturais do Servizo de Festas e Animación Sociocultural do 28-09-05, conformado polo xefe do departamento de Cultura, polo concelleiro do Servizo e así mesmo polo interventor xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar o proxecto de contrato, que se achega no expediente, para a contratación, por procedemento negociado sen publicidade, dacordo co previsto no art. 210.b do RD 2/2000, do *CONCERTO EN FAMILIA CON FERNANDO ARGENTA*, o día 29 de outubro, ás 18,00 horas, no Teatro-Cine Fraga Caixagalicia, dentro do programa do *Festival de Música Are-More 2005*.

Segundo.- Facultar ao concelleiro da Área de Asuntos Sociais para asinar o presente contrato.

Terceiro.- Autorizar un gasto por un importe total de 40.600.-€, con cargo á partida 451.0.226.08.03 do programa presupostario de Cultura para o exercicio 2005, en concepto da contratación do referido espectáculo e que se aboará á empresa JENIOS, ORGANIZACIÓN DE CONCIERTOS S.L., CIF B-36921658.

Cuarto.- O pagamento realizarase a través da conta de habilitación AUT 20 CULTURA CONCELLO DE VIGO 2091 0501 61 3110002567.

*PROXECTO DE CONTRATO DE PRESTACIÓN DE SERVIZOS PARA ACTUACIÓN ARTÍSTICA
CONCERTO EN FAMILIA CON FERNANDO ARGENTA*

En Vigo, o xx de xxxxxxxxxxxx de 2005

Dunha parte D. Ignacio López-Chaves Castro, en calidade de concelleiro da Área de Asuntos Sociais, e en representación do CONCELLO DE VIGO, CIF P-3605700-H, con domicilio social en Vigo, Praza do Rei s/n, CP 36202, que no presente contrato denominarase O CONCELLO.

Doutra parte D^a. María Nieves García-Soto Mateos, NIF 50394931-E, en calidade de Administradora única e xerente, e que actúa no nome da empresa denominada JENIOS, ORGANIZACIÓN DE CONCIERTOS S.L., CIF B-36921658, e con domicilio en Vigo, rúa Gran Vía, núm 128, 7º A, CP 36203; no sucesivo A AXENCIA.

Ámbalas dúas partes, na representación que ostentan, recoñécense capacidade xurídica suficiente para celebrar o presente contrato que rexirá de conformidade ás seguintes

CLÁUSULAS

OBXECTO DO CONTRATO

PRIMEIRA.- O CONCELLO contrata á AXENCIA para que realice un espectáculo denominado CONCERTO EN FAMILIA CON FERNANDO ARGENTA, en adiante O ARTISTA, o sábado 29 de outubro de 2005, ás 18,00 horas, no recinto denominado Teatro-Cine Fraga-Caixagalicia. O ARTISTA efectuará un concerto dunha duración mínima de 60 minutos.

Este concerto inclúese na programación do FESTIVAL DE MÚSICA DE VIGO "ARE-MORE" 2005, que programa e organiza o departamento de Cultura do Concello de Vigo.

VALIDEZ

SEGUNDA.- A validez deste contrato será efectiva dende o momento en que se encontre en poder da AXENCIA, debidamente asinado e selado en todas as súas follas, incluídas as do ANEXO, sempre antes do día 15 de outubro de 2005.

RETRIBUCIÓN E GASTOS

TERCEIRA.- A AXENCIA percibirá unha retribución de 35.000.- Euros máis 5.600.- Euros (en concepto de 16 % de IVE), o que fai un importe total de 40.600.-Euros (corenta mil seiscientos euros), en concepto da realización do concerto do ARTISTA; este concepto tamén inclúe o seu equipo técnico e humano necesario, ademais dos correspondentes desprazamentos, aloxamentos e mantenza.

O pagamento deste importe realizarase mediante un talón nominativo a favor de JENIOS, ORGANIZACIÓN DE CONCIERTOS S.L., que se entregará a D^a. María Nieves García-Soto Mateos, NIF 50394931-E, momentos antes do comezo do concerto, co ARTISTA no recinto, previa presentación de factura que se axustará aos requisitos establecidos no Real Decreto 2402/1985, do 18 de Decembro.

CUARTA.- Serán de conta do CONCELLO todos os gastos que se xeneren como consecuencia do concerto, entre os que se inclúen a modo de exemplo os de organización, xestión, seguros (agás o de cancelación para gastos de produción), publicidade e dereiros de autor.

PERMISOS

QUINTA.- O CONCELLO, como organizador, responsabilizarase da obtención dos permisos necesarios para a celebración da actuación no lugar e data determinados.

AFORO E ENTRADAS

SEXTA.- O local da actuación dispón dun aforo de 839 butacas (630 en patio de butacas, 177 en anfiteatro e 32 en palcos). O CONCELLO porá as correspondentes entradas á venda e será o beneficiario da total recaudación; tamén reservará invitacións protocolarias das que entregará á AXENCIA un máximo de dez (10).

O CONCELLO poderá establecer as condicións de acceso do público ao concerto, que difundirá adecuadamente e que imprimirá na parte posterior da entrada ou invitación.

IMAXE DO ARTISTA

SÉTIMA.- O CONCELLO non poderá comercializar por si ou a través de terceiros, en ningún momento, algunha mercadoría ou produto vinculados ao concerto obxecto deste contrato que utilice a imaxe, o nome ou logotipo do ARTISTA, sen o previo consentimento da AXENCIA, por escrito. A AXENCIA reservase o dereito da explotación de produtos relacionados co ARTISTA no día e lugar do concerto, acordando previamente co CONCELLO o lugar exacto e demais condicións de venda.

OITAVA.- Para efectuar calqueira retransmisión radiofónica, televisiva, toma de vídeo, fotografías ou calquera outro medio de gravación, será obrigatorio obter por escrito autorización da AXENCIA. Por este motivo, O CONCELLO non permitirá a entrada no local do concerto de ningún tipo de cámara de vídeo ou cine, gravadoras ou calquera instrumento ou aparato que rexistre ou reproduza son ou imaxe. O CONCELLO advertirá ao público sobre a imposibilidade de acceder ao local con estes obxectos.

NOVENA.- A AXENCIA fixará os contactos promocionais oportunos, consistentes en citas e en entrevistas cos medios de comunicación e demais persoas vinculadas ao espectáculo, polo que disporá dos pases necesarios ao lugar do concerto a fin de atender os seus compromisos.

A AXENCIA comunicará ao CONCELLO, con sete días de antelación, as normas para que os medios de comunicación poidan realizar a cobertura informativa do concerto. No caso contrario, enténdese que os medios acreditados polo CONCELLO poderán rexistrar imaxes e son dos cinco primeiros minutos do concerto.

PUBLICIDADE

DÉCIMA.- O CONCELLO, dende a sinatura do presente contrato, comprométese a realizar unha campaña de publicidade axeitada ao concerto, para o que A AXENCIA porá á súa disposición os elementos publicitarios que se consideren necesarios.

PATROCINIOS

DÉCIMO PRIMEIRA.- O CONCELLO poderá contar coa colaboración de institucións públicas ou empresas privadas no seu programa xeral de actividades do festival, o que implica que se reserva o dereito de poder exhibir publicidade ou anagramas dos seus colaboradores na publicidade xeral, así como no recinto do concerto e nos seus aledaños, excepto no escenario, co obxecto de evitar a asociación da imaxe do ARTISTA cos citados colaboradores.

O Festival de Música de Vigo ARE-MORE 2005 está patrocinado a nivel xeral pola FUNDACIÓN CAIXAGALICIA e a XUNTA DE GALICIA, polo que os seus logos aparecerán na publicidade xeral.

DÉCIMO SEGUNDA.- Se o concerto ou xira do ARTISTA dispón dalgún patrocinador, A AXENCIA, cunha antelación mínima de 30 días respecto á data do concerto, comunicará esta situación ao CONCELLO, quen poderá cancelar o contrato se existise algunha incompatibilidade cos seus propios patrocinadores. Neste caso, o CONCELLO comunicará esta circunstancia á AXENCIA nun prazo de 10 días, sen que corresponda indemnización algunha á AXENCIA.

SEGURIDADE DO CONCERTO

DÉCIMO TERCEIRA.- O CONCELLO responsabilizarase da seguridade xeral do concerto, polo que serán da súa conta a contratación dos medios mínimos definidos neste contrato ou no seu anexo, ademais do que se derive do Regulamento xeral de policía de espectáculos e actividades recreativas e outra lexislación aplicábel; sen prexuízo da responsabilidade que corresponda ao propietario do local do concerto.

DÉCIMO CUARTA.- Sen prexuízo das responsabilidades que se poideran atribuír á AXENCIA ou ao ARTISTA sobre o cumprimento da súas obrigas en materia de seguridade, O CONCELLO cumprirá coas que lle correspondan.

DÉCIMO QUINTA.- O CONCELLO será responsábel de impedir que se introduzan no local do concerto obxectos que poideran resultar perigosos para a integridade física das persoas ou que poidan causar danos materiais aos elementos que formen parte do concerto.

DÉCIMO SEXTA.- O CONCELLO asume a obriga de garantir que en ningún caso o público teña acceso ao escenario, estruturas e equipos de son e luces, camerinos, etc., e, en xeral, aquelas zonas que se definan como perigosas para as persoas ou para o bo desenvolvemento do concerto.

DÉCIMO SÉTIMA.- O CONCELLO responderá da perda ou deterioro de todos os obxectos que O ARTISTA instale no local do concerto, tanto dos instrumentos e materiais de escenario, como dos efectos persoais de camerino, sempre e cando A AXENCIA entregue antes da súa entrada no recinto unha declaración escrita na que se detalle ese material ao CONCELLO.

INSTALACIÓNS

DÉCIMO OITAVA.- O CONCELLO porá a disposición da AXENCIA o recinto do concerto desde as 9:00 horas da data do concerto e até as dúas horas despois da súa finalización.

DÉCIMO NOVENA.- As instalacións, dependencias, persoal e servizos do lugar do concerto estarán en perfecto estado de disponibilidad, según as obrigas e condicións definidas en este contrato e o seu anexo, para asumir polo CONCELLO.

SUSPENSIÓN DO CONCERTO

VIXÉSIMA.- Se por calquera causa allea á AXENCIA, incluso fenómenos atmosféricos ou de forza maior, o concerto houbera de suspenderse, A AXENCIA percibirá a totalidade das súas retribucións. A decisión sobre a suspensión será tomada conxuntamente entre os representantes da AXENCIA e do CONCELLO, mediante a sinatura dunha acta de conformidade.

VIXÉSIMO PRIMEIRA.- Se dende a sinatura do presente documento, O CONCELLO decidira suspender o concerto unilateralmente, A AXENCIA percibirá a totalidade das súas retribucións.

VIXÉSIMO SEGUNDA.- Só no caso de enfermidade ou forza maior xustificada do ARTISTA ou dalgún compoñente do seu equipo que lle impida cumprir os compromisos adquiridos mediante o presente documento, poderá A AXENCIA rescindir o mesmo, sen ningún dereito a indemnización por parte do CONCELLO; neste caso, A AXENCIA non percibirá cantidade algunha do pactado no presente contrato. Por este motivo, A AXENCIA comprométese a suscribir un seguro que, en caso de incomparecencia do artista, cubra os gastos de produción.

INCUMPRIMENTOS E COMPROMISOS

VIXÉSIMO TERCEIRA.- O incumprimento, total ou parcial, por parte do CONCELLO do establecido en calquera das estipulacións do presente documento, facultará á AXENCIA a rescindir o contrato.

VIXÉSIMO CUARTA.- O CONCELLO non asume respecto ao ARTISTA ou á AXENCIA ningunha outra obriga ou compromiso que non estea indicado expresamente neste contrato e nos seus Anexos.

XURISDICCIÓN

VIXÉSIMO QUINTA.- As partes contratantes sométense aos Tribunais da xurisdicción que corresponda á cidade onde se realiza o concerto, con expresa renuncia de calquera outro foro de xurisdicción que poidera corresponderlles, para resolver cantas cuestións poideran derivarse con motivo da interpretación ou cumprimento do presente contrato.

E en proba de conformidade, asinan as partes este documento por triplicado e a un só efecto, no lugar e data indicados.

POLO CONCELLO

POLA AXENCIA

D. IGNACIO LÓPEZ-CHAVES CASTRO
(Concelleiro de Asuntos Sociais)

NIEVES GARCÍA-SOTO MATEOS
(Jenios, Organización espectáculos)

ANEXO DE CONDICIÓN TÉCNICAS

1. INSTALACIÓNS E EQUIPAMENTOS.

1.1. ESCENARIO.

A AXENCIA coñece e acepta as condicións de escenario existentes no recinto de actuación.

1.2. SON E ILUMINACIÓN.

Serán por conta da AXENCIA.

1.3. BACKLINE.

Será por conta da AXENCIA calquera elemento de “backline” necesario para a realización do concerto.

Será por conta do CONCELLO: tarima para formar dous niveis máis chan para percusión e ventos, cadeiras, banquetas e atriles para músicos e director; tarima para director.

1.4 RECINTO E INSTALACIÓNS.

O CONCELLO e A AXENCIA coñecen e aceptan as características xerais do local e as súas instalacións e considéranas axustadas ás necesidades do concerto.

2. ÁREAS RESERVADAS OU DE ACCESO RESTRINXIDO.

- camerinos
- saída ao escenario (entre caixas)
- pasillos entre camerinos e escenario

Non se precisan

4. CAMERINOS.

O CONCELLO proverá ao ARTISTA de CATRO camerinos de uso exclusivo, illados do público, próximos ao escenario e con acceso directo ao mesmo, con capacidade suficiente para as características do espectáculo.

Os camerinos estarán limpos e debidamente acondicionados, provistos dos seguintes elementos: servizos sanitarios e ducha, luz eléctrica, auga corrente, enchufes a 220 voltios, cadeiras, mesas, espellos, toallas, xabón, papel hixiénico e pechadura con chave.

Ninguén alleo á AXENCIA ou ao ARTISTA, sen a súa autorización, accederá aos camerinos, que estarán dispoñíbeis e vixiados dende o inicio das montaxes ata o final da desmontaxe. O CONCELLO facilitará á AXENCIA ou ao ARTISTA o acceso inmediato aos camerinos cando estes llo requiran.

5. CATERING.

O CONCELLO deberá subministrar no camerino do ARTISTA cunha antelación de UNHA HORA respecto á hora do comezo do concerto o seguinte catering: auga mineral, cafés e/ou infusións, e sandwiches variados.

Tamén O CONCELLO proveerá de auga mineral aos técnicos antes (montaxes), durante e despois (desmontaxes) do concerto.

6. VEHÍCULOS.

O CONCELLO xestionará que os vehículos que transporten o equipo do ARTISTA teñan acceso directo ao escenario ou ás portas do local da actuación; en caso contrario, O CONCELLO proveerá ao seu cargo os medios necesarios para desprazar alí os equipos.

O CONCELLO xestionará ou habilitará un espazo para circulación ou aparcadoiro de DOUS vehículos do ARTISTA e da AXENCIA que participen na realización do concerto, para o que A AXENCIA deberá facilitarlle ao CONCELLO, cunha antelación mínima de 15 días naturais respecto á data do concerto, os datos necesarios dos vehículos.

7. MERCHANDISING.

O CONCELLO facilitaralle, se é o caso, á AXENCIA un espazo e mesa para o “merchandising” do ARTISTA, e unha persoa para a súa atención e venda.

8. PERSOAL DE PRODUCCIÓN.

8.1. RESPONSÁBEL DE PRODUCCIÓN.

O CONCELLO designará a unha persoa como único interlocutor válido ante A AXENCIA para as cuestións de produción e organización relacionadas co concerto. A AXENCIA coñecerá de antemán a identidade do responsábel da produción, que estará presente no lugar do concerto á hora que se acorde para iniciar as montaxes. Durante o tempo de vixencia do contrato, o responsábel da produción estará permanentemente localizábel.

8.2. ELECTRICISTA.

O CONCELLO porá a disposición da AXENCIA un electricista cualificado e coñecedor da instalación do lugar do concerto, que terá que estar presente á chegada dos equipos do ARTISTA, durante as probas de son ou ensaios técnicos e durante o concerto. O resto do tempo no que estea vixente o contrato, estará permanentemente localizábel.

8.3. MANTEMENTO.

O CONCELLO ocuparase do mantemento das instalacións do local do concerto, polo que disporá ao seu cargo do persoal e materiais axeitados.

8.4. PERSOAL DE CARGA-DESCARGA.

O CONCELLO porá a disposición da AXENCIA dúas persoas para tarefas de carga e descarga dos elementos de percusión.

8.5. OUTRO PERSOAL.

Será a cargo do CONCELLO calquer outro persoal necesario para a organización do concerto, como por exemplo: taquilleiros, porteiros, acomodadores.

9. VIXILANCIA E SEGURIDADE.

O CONCELLO disporá dun equipo humano para realizar o servizo de vixilancia e seguridade que estará formado por persoal civil e especializado, e que deberá impedir a proximidade de persoas ao escenario, camerinos, “backstage”, equipos de son e luces, etc., de forma efectiva pero absolutamente respetuosa coas persoas. Este servizo cumprirá as obrigas de seguridade que se atribúen ao CONCELLO neste contrato.

O servizo de vixilancia e seguridade estará dispoñíbel dende 30 minutos antes do concerto até o final do mesmo. O persoal de seguridade atenderá

- zona de camerinos e pasillos
- acceso ao escenario e “backstage”
- equipos de son e de iluminación

As indicacións dos responsábeis de produción designados polo CONCELLO, co obxecto de contribuir ao bo desenvolvemento do concerto e dar cobertura ás obrigas adquiridas polo CONCELLO ante A AXENCIA e O ARTISTA, en canto á vixilancia e seguridade.

Até o momento de apertura de portas ao público, ao lugar do concerto só poderá acceder o persoal relacionado coa AXENCIA, O ARTISTA e o persoal de organización do CONCELLO. Todo o persoal relacionado co concerto deberá levar en lugar visible unha acreditación.

Dende 15 (quince) minutos antes do momento de apertura de portas ao público, O CONCELLO montará un dispositivo de seguridade integrado, como mínimo, por CATRO persoas identificábeis con acreditacións visíbeis.

O CONCELLO comunicará á AXENCIA a identidade da persoa que dirixirá o servizo de vixilancia e seguridade, que estará permanentemente localizábel durante a vixencia do contrato e no lugar do concerto dende o momento de inicio da montaxe do dispositivo de seguridade, que funcionará antes da apertura de portas ao público.

10. ACTUACIÓN E ENSAIO.

10.1. DISPONIBILIDADE DE ESCEARIO E ACOMETIDAS ELÉCTRICAS.

Durante a xornada completa do día do concerto

10.2. ENSAIO TÉCNICO.

O ARTISTA precisa realizar un ensaio técnico no lugar do concerto, que terá unha duración de DÚAS horas aproximadamente, e que se realizará o día da actuación no horario que se acorde. Durante estes ensaios técnicos, non poderá haber persoas alleas á organización do concerto.

10.3. HORARIOS (ACTUACIÓN E PORTAS).

O concerto comezará con estricteza puntualidade á hora fixada neste contrato, que será a anunciada ao público. A apertura de portas ao público producirase media hora antes do concerto. Nese momento entrará en funcionamento a totalidade do dispositivo de seguridade e terán que estar finalizados todos os ensaios técnicos.

11. PUBLICIDADE.

A AXENCIA porá a disposición do CONCELLO, coa suficiente antelación, o material básico para a promoción do concerto: un dossier artístico (currículo dos artistas, músicos..., programa completo), fotografías de calidade en CD, fragmentos musicais en CD para medios radiofónicos...

12. PROGRAMA.

O programa a interpretar será o que figura como anexo II do presente contrato; calquera modificación deberá ser comunicada pola AXENCIA por escrito e deberá contar, no seu caso, coa conformidade da dirección artística do festival.

Ámbalas dúas partes comprométese a cumprir todos os compromisos integrados neste contrato e anexo de condicións técnicas do espectáculo; así como a acordar outras estipulacións que contribúan á perfecta realización da actuación.

E en proba de conformidade, asinan as partes este documento por triplicado e a un só efecto, no lugar e data indicados.

POLO CONCELLO

POLA AXENCIA

D. IGNACIO LÓPEZ-CHAVES CASTRO
(Concelleiro de Asuntos Sociais)

NIEVES GARCÍA-SOTO MATEOS
(Jenios, organización espectáculos)

7(1311).- OUTORGAMENTO SUBVENCIONES 2004-2005 A ENTIDADES DEPORTIVAS DE VIGO. EXPTE. 5133/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 14.08.05 do director deportivo do IMD, conformado pola concelleira da área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local e intervido e conformado polo interventor xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Outorgar as seguintes subvencións ós club relacionados no anexo I por un importe total de 679.898,50 Euros. con cargo a partida 4521 4890000.

2º.- Rexeitar as solicitudes das seguintes entidades polas seguintes causas:

a.- Por presentar a solicitude fora de prazo.

CLUB CICLOTURISTA TRAVIESAS	CIF: G-36703213
ASOCIACIÓN CLUB DO LUME	CIF: G-36852671
CLUB A TOXEIRA	CIF: G-36849040
SAN XOAN	CIF: G-36810315

b.- Non consta asento de entrada no Rexistro

CLUB DEPORTIVO ADEMAR	CIF: G-36652360
CLUB MARISTAS EL PILAR	CIF: G-36690782
INDEPENDIENTE DE FUTBOL	CIF: G-36710416

c.- Por non ter dous equipos en categorías Base.

CLUB DE FUTBOL SALA DON BOSCO	CIF: G-36895035
CLUB DEPORTIVO A PAZ	CIF: G-36924249

d.- Non figura en competición.

CLUB SAN FERNANDO	CIF: G-36930196
-------------------	-----------------

e.- Por non presentar a documentación requirida:

CLUB PETANCA GALICIA	CIF: G-36881639
CLUB ESGRIMA CIDADE DE VIGO	CIF: G-36888543
MENSAXEIRAS DO ATLANTICO	CIF: G-36928653
ATLETISMO CASTRELOS	CIF: G-36862050
ASPAVI	CIF: G-36954253

ANEXO I. RELACIÓN DE CLUBS CO IMPORTE DA SUBVENCIÓN

ACTIVIDADES SUBACUATICAS

GRUPO ARQUEOLOGIA GARCIA ALEN	G36021897	360,00
ALFAVIGO	G36832442	360,00

ATLETISMO

VETERANOS DE SAMIL	G36841906	360,00
CLUB ATLETISMO VIGO	G36911055	360,00
ATHLETICS AVENTURA EXREM	G36887735	408,00
COMESAÑA SPORTING CLUB	G36645257	810,00
AGRUPACION VIGUESA ATLETISMO ZUNFER	G36645109	1.074,00
S.D. ATLETISMO SAN MIGUEL DE OYA-VIGO	G36645018	1.204,00
CLUB ATLETISMO FEMENINO CELTA	G-36927689	18.000,00
REAL CLUB CELTA DE ATLETISMO	G36945319	30.000,00

BALONCESTO

OLIVICO	G36874014	500,00
CLUB BALONCESTO RODABALLO	G-36815413	703,00
AIREXA DE VIGO	G36877264	2.852,50
CLUB BALONCESTO VIGO AREA METROPOLITAN	G36825347	6.394,00
CLUB DE BALONCESTO SEIS DO NADAL COIA	G36942142	10.120,00
AMFIV CLUB	G36711380	36.500,00
BOSCO CLUB DEPORTIVO	G36692317	97.499,00

BALONMAN

AGRUPACION GALICIA SOCIAL DE BALONMANO	G36622934	1.027,50
CARBALLAL SOCIEDAD DEPORTIVA DE BALONMANO	G36686376	2.700,00
AD SEIS DO NADAL	G36658516	4.575,00
UNION BALONMAN LAVADORES	G36810075	7.771,50
SOCIEDAD DEPORTIVA OCTAVIO VIGO	G36907384	107.580,00

BEISBOL

HALCONES DE VIGO BEISBOL CLUB	G36933331	310,50
-------------------------------	-----------	--------

BOLOS

BOLOS CELTAS VALLADARES	G36881316	426,00
BOWLING CELTA	G36385345	582,00

BOXEO

SAUDADE CLUB POLIDEPORTIVO	G36662344	744,00
----------------------------	-----------	--------

CAZA E PESCA

SOCIEDAD CAZA Y PESCA LA VIGUESA	G36753457	612,00
----------------------------------	-----------	--------

CICLISMO

ASOCIACION DEPORTIVA BICI VERDE	G-36814515	396,00
MONTEFERRO BIKE CLUB	G36821338	860,00
RIA DE VIGO CLUB CICLISTA	G36745107	1.532,00
TEIS CLUB CICLISTA	G36754323	1.542,00
VIGUES CLUB CICLISTA	G36650885	3.645,00

COLOMBOFILIA

ASOCIACIÓN COLOMBOFILIA VIGUESA	G36938439	360,00
---------------------------------	-----------	--------

ESPELEOLOXIA

ESPELEO CLUB ARADELAS	G36642247	612,00
-----------------------	-----------	--------

FRONTENIS

CLUB ALBORADA DE PELOTA	G36683118	1.369,50
-------------------------	-----------	----------

FUTBOL

VETERANOS DE TEIS	G36916401	480,00
MOLEDO CLUB FUTBOL	G36734226	550,00
COMESAÑA UNIÓN DEPORTIVA	G36745586	870,00
SAN ESTEBAN CLUB DE FUTBOL	G36733020	1.100,00
RAPIDO DE PEREIRO, F.C.	G36874832	1.110,00
CCAR VALLADARES	G36617082	1.150,00
CLUB DEPORTIVO SAMPAIO AREEIRO	G36654564	1.450,00
TRAVESIA DE VIGO CLUB DE FUTBOL	G36793875	1.540,00
AGRUPACION PRIMAVERA DE FUTBOL	G36661205	1.800,00
ASOC DEPORTIVA LAVADORES C.F.	G36770931	1.910,00
BALAIOS FUTBOL CLUB	G36737724	1.975,00
NIETO DEPORTIVO CLUB DE FUTBOL	G36687309	2.000,00
COIA CLUB DEPORTIVO	G36753911	2.005,00
LA GUIA DE VIGO CLUB DEPORTIVO	G36645612	2.450,00
TEIS CLUB DEPORTIVO	G36752640	2.450,00
SAN MIGUEL C.F.	G36743433	2.636,00
VALLADARES CLUB DEPORTIVO	G36629657	2.800,00
SARDOMA C.F.	G36615607	2.890,00
COLEGIO HOGAR SAN ROQUE	G36647311	3.000,00
RACING DE CASTRELOS FUTBOL CLUB	G36710762	3.000,00
UNION VECIÑAL CUL DEPORTIVA DE CANDEAN	G36863348	3.180,00
UNION DEPORTIVA SANTA MARINA	G36628774	3.260,00
CLUB POLIDEPORTIVO ALERTA	G36649283	3.276,00
GRAN PEÑA FUTBOL CLUB	G36663656	3.700,00
CORUXO CLUB DE FUTBOL.	G36708212	6.280,00
AREOSA CLUB DEPORTIVO	G36690519	7.243,00

FUTBOL SALA

AAVV DO CALVARIO	G-36648293	300,00
AA.VV.DA FEIRA CABRAL	G-36729796	300,00
ASOC DEPORTIVA ESCOLAS NIETO	G368998591	325,00
BOUZAS FS	G36927291	418,00
SOCIEDAD DEPORTIVA VALLE INCLAN	G36955250	450,00
CLUB O PATIO FUTBOL SALA	G36895472	750,00
CLUB DEPORTIVO MOSTEIRO	G36886422	1.531,00
CORUXO FUTBOL-SALA	G36844967	1.830,00
UNIO. DEPORTIVA LAVADORES	G36843712	1.875,00
CVC VALLADARES	G36805158	2.160,00
TREBOADA F.C. SAN SALVADOR	G36645075	2.933,00

FED. PEÑAS RECR. EL OLIVO	G36704666	2.432,00
CLUB DEPORTIVO VIGO FUTBOL SALA	G-36935229	23.750,00

HALTEROFILIA

HALTEROFILIA VIGO CLUB	G36757623	480,00
------------------------	-----------	--------

HOCKEY HERBA

JUNIORS HOCKEY CLUB DE VIGO	G36858587	1.530,50
ATLANTICO HOCKEY CLUB	G36684850	2.315,00

HOCKEY PATINS

VIGO STICK CLUB DE HOCKEY	G36888113	34.010,00
---------------------------	-----------	-----------

JUDO

FAMU ASOCIACION DEPORTIVA	G36681633	2.204,00
---------------------------	-----------	----------

KARATE

AGRUPACIÓN DEPORTIVA ZANSIN	G36870160	837,00
-----------------------------	-----------	--------

KUNG-FU

AAVV DE CABRAL	G36651073	612,00
----------------	-----------	--------

LOITA

KUZUSHI CLUB DE LUCHA	G36696227	1.068,00
SAN IGNACIO CLUB DE LUCHA	G36708303	1.285,00

LUCHA

CLUB DE LOITA CIUDAD DE VIGO	G36955565	348,00
------------------------------	-----------	--------

MONTAÑISMO

GRUPO DE MONTAÑA ALUD	G36897437	360,00
PEÑA TREVINCA	G36630192	396,00
MONTECEIBE CLUB DE MONTAÑA	G36823813	612,00

NATACION

TRAVIESAS CLUB NATACION	G36823524	1.258,00
RIAS BAIXAS	G36827079	2.160,00

PATINAXE

ARTISTICA VALLADARES CLUB DE PATINAXE	G36765733	564,00
CORUXO PATINAXE	G36847564	778,00
CASTRELOS CLUB PATINAXE ARTISTICA	G36811974	1.461,50
CLUB ANDURIÑA	G36841278	1.776,00

CARPA - CLUB AS RODAS PARTINAXE ARTISTICA	G36645091	2.628,00
--	-----------	----------

PELOTA VASCA

CLUB DEPORTIVO VIGUES DE PELOTA	G36852820	1.257,50
---------------------------------	-----------	----------

PETANCA

CLUB PETANCA SALGUEIRA	G36894517	300,00
ENSINO CLUB PETANCA	G36798866	360,00
CLUB FLORIDA DE PETANCA Y LLAV	G36792711	360,00
CLUB PETANCA CABRAL	G36765055	360,00
CLUB DEPORTIVO CSCR DE BEADE	G36904530	360,00
CLUB PETANCA TEIS	G36288413	360,00
CLUB PETANCA BREOGAN	G36802247	360,00
CLUB SABAJANES PETANCA	G36646271	360,00
CLUB PETANCA VIGO	G36702413	360,00
CLUB PETANCA CELTA	G36875417	360,00
OS MUIÑOS CLUB DE PETANCA E CHAVE	G36727246	360,00

REMO

VIRGEN DE LA GUIA CLUB DE REMO	G36650273	1.720,00
CORUXO CLUB DE REMO	G36726750	1.780,00

RUGBY

VIGO RUGBY CLUB	G36680924	18.930,00
-----------------	-----------	-----------

SQUASH

ASOCIACION DEPORTIVA COLISEUM	G36812436	846,00
-------------------------------	-----------	--------

TIRO CON ARCO

ARQUEROS NITO RUIZ	G36807881	576,00
--------------------	-----------	--------

TIRO OLIMPICO

SCDA. VIGUESA TIRO OLIMPICO -SOVITO-	G36631992	360,00
---	-----------	--------

TRIATLON

TRIATLON VIGO CLUB	G36705101	926,00
--------------------	-----------	--------

VARIOS

O PICACHO AGRUPACION DEPORTIVA	G36650117	720,00
XESTAS ASOCIACION CULTURAL Y DEPORTIVA	G36628543	720,00
SAN JOSE DE LA GUIA	G36756831	4.240,00
ASPANAEX	G36819779	360,00

CLUB DEPORTIVO BOMBEROS VIGO	G36884393	510,00
CLUB SIMON	G36886901	1.036,00
CLUB DEPORTIVO SAN RAFAEL	G36814093	1.080,00
SOCIEDAD AERoclUB DE VIGO	G36610384	1.104,00
APA SAN JOSE DE CLUNY	G36755676	1.170,00
CRISTO DE LA VICTORIA SOCIEDAD DEPORTIVA	G36684124	1.260,00
CIRCULO CULTURAL MERCANTIL E INDUSTRIAL DE VIGO	G36614097	1.464,00
MONTAÑEROS CELTAS CLUB	G36637890	1.542,00
SALESIANOS CLUB DE BALONCESTO	G36875391	1.940,00
MARCOTE COLEGIO CLUB	G36658052	2.148,00
AGRUPACIÓN COLEXIO EL CASTRO	G36657856	930,00
SOCIEDAD DEPORTIVA ATLANTIDA DE MATAMA	G36620854	2.980,00
CIOS VIGO CLUB	G36795680	3.060,00
REAL CLUB NAUTICO DE VIGO	G-36612752	4.042,00
SAN ROQUE CASABLANCA	G36763084	5.184,00
RAPIDO DE BOUZAS CLUB DE FUTBOL	G36711513	12.960,00

VELA

CANIDO CLUB MARITIMO	G36630127	612,00
----------------------	-----------	--------

VOLEIBOL

CLUB VOLEIBOL XUVENIL TEIS	G36713493	28.400,00
VIGO VOLEIBOL	G36658219	55.678,00

XADREZ

XADREZ AV DOUTOR FLEMING	G36893782	144,00
MESA E LUGAR- AMESAL	G36779346	378,00

XIMNASIA

AVCD LAVADORES	G-36633618	180,00
CLUB ACROBACIA VIGO	G36846608	1.731,00
MANIOTAS CLUB DE GIMNASIA	G36684819	10.038,50

8(1312).- PROPOSTA DE INCREMENTO DE CRÉDITO PARA SUBVENCIONES A ENTIDADES DEPORTIVAS PARA ORGANIZACIÓN DE EVENTOS E ACTIVIDADES DEPORTIVAS. EXPTE. 5132/333.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 06-10-05 do director deportivo do IMD conformado pola concelleira da área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local e intervido e conformado polo intrventor xeral, que di o seguinte:

Con data 14 de febreiro de 2005, a Xunta de Goberno Local aprobou as bases para a concesión de subvencións a entidades deportivas pola organización de eventos deportivos. No artigo 6 das ditas bases establécese que os organizadores do evento ou da actividade deportiva poden facer a súa solicitude ata o día 28/10/95, isto quere dicir, que o prazo de presentación de solicitudes permanece aberto dende a súa convocatoria.

Por outra banda, no artigo 4 das bases dise que o financiamento da convocatoria se fará con cargo á partida 4521.489.00.01, cun crédito de 180.000€, cómpre subliñar que neste ano e a este programa estanse a presentar unha cantidade de entidades moi superior ás presentadas noutros anos. Ante este incremento espectacular, o crédito destinado a este programa é claramente insuficiente.

Por todo isto, propúxose no seu día unha modificación de crédito, co obxecto de incrementar a partida 4521.489.00.01 en 30.000€, é dicir, este programa disporía de 210.000€.

Esta modificación non afecta en absoluto ás bases da convocatoria agás neste punto. Polo demais mantéñense exactamente igual os baremos e criterios de avaliación que figuran no artigo 12 e polo tanto non abre prazo de presentación, dado que o prazo xa está aberto e así permanece.

Por todo o exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Modificar o crédito destinado a subvencións a entidades deportivas pola organización de eventos deportivos e actividades, durante o ano 2005, incrementando o devandito crédito en 30.000€ co que resultaría que se disporía dun crédito de 210.000€, polo tanto modifícase o artigo 4 das bases da convocatoria, aprobadas pola Xunta de Goberno o 14-02-2005, e onde di 180.000€, coma consecuencia do incremento, cómpre dicir 210.000€, esta variación non modifica os baremos das subvencións.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta que se contén no precedente informe.

9(1313).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE GASTO MENOR TRAMITADOS POLO SERVIZO DE FESTAS E ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL DURANTE O MES DE AGOSTO DE 2005. EXPTE. 1660/335.

Examinadas as actuacións do expediente, en cumprimento do establecido na Base 31ª das de execución do Orzamento xeral do Concello, a Xunta de Goberno Local queda enteirada dos expedientes de contratación tramitados polo réxime de gasto menor do servizo de Festas e Animación Sociocultural, autorizados polo concelleiro-delegado de área e correspondentes ó mes de agosto de 2005.

-Contratación sevizos de transporte para actuación da Coral do Centro social de Teis.
Decreto concelleiro data 09-08-05. Intervención: RC 375566
Adxudicatario. Viajes Ecuador, S.A., por importe 672,00€.

10(1314).- APROBACIÓN DO III PLAN MUNICIPAL DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES 2005-2007. EXPTE. 2130/224.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o acordo do Consello Municipal da Muller do 28 de setembro de 2005 e así mesmo o informe-proposta da técnica da Oficina da Muller do 4 de outubro de 2005 conformado pola concelleira de área, a Xunta de Goberno Local, acorda:

Aprobar o texto e a implimentación do “III Plan Municipal de Igualdade de Oportunidades entre mulleres e homes 2005-2007”.

11(1315).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN POR PROCEDEMENTO NEGOCIADO PARA A SUBMINISTRACIÓN DE EQUIPOS INFORMÁTICOS PARA ADMÓN. DE TRIBUTOS. EXPTE. 31006/510.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 12-08-05 do xefe de Negociado de Contratación, conformado polo xefe da área de Contratación e Novos Proxectos, polo concelleiro de Facenda e intervido e conformado pola Intervención xeral, visto así mesmo o informe xurídico de 29.09.05, a Xunta de Goberno Local, acorda:

Primeiro.- Autorizar o gasto de 30.000 euros para a subministración de equipos informáticos para o servizo de Administración de Tributos con cargo á partida 611.0.626.00.00 do presuposto do ano 2005.

Segundo.- Aprobar os pregos de cláusulas técnicas e administrativas para a contratación por procedemento negociado da subministración de equipos informáticos para o servizo de Administración de Tributos.

Terceiro.- Solicitar ofertas a tres empresarios capacitados para execución do contrato.

12(1316).- ADXUDICACIÓN CONCURSO DE CONTRATACIÓN DA DIFUSIÓN DO FESTIVAL DE MÚSICA DE VIGO “ARE MORE”. EXPTE.9030/331.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do 12-09-05 do xefe do departamento de Cultura conformado polo concelleiro do Servizo e pola Intervención Xeral, segundo a proposta da Mesa de Contratación realizada o 26-09-05, a Xunta de Goberno Local acorda:

Adxudicar a Canal Uno de Comunicación, S.L. o concurso para a difusión do Festival de Música de Vigo Are-More por un importe de 59.050,99 euros. Todo iso de acordo co prego de condicións aprobado por acordo desta Xunta de Goberno Local de 26-07-05 e a oferta presentada.

13(1317).- REVISIÓN DE PREZOS E PRÓRROGA DO CONTRATO DO SERVIZO DE VIXILANCIA DA UNIDADE ASISTENCIAL A DROGODEPENDENTES (CEDRO) SUBSCRITO COA EMPRESA “SECURITAS SEGURIDAD ESPAÑA S.A”.EXPTE. 10253/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do xefe do Negociado de Contratación do 07-09-05, conformado pola concelleira da área de Benestar Social e intervido e conformado polo interventor xeral, a Xunta de Goberno Local acorda.

Primeiro.- Prorrogar por un ano o contrato da prestación do servizo de vixilancia na unidade asistencial CEDRO subscrito coa empresa “Securitas Seguridad española, S.A.” por acordo da Comisión de Goberno de 26-05-2003. A prórroga terá efectos a partir do día 01-06-2005.

Segundo.- Aprobar a primeira revisión de prezos do contrato con efectos a partir do 01-06-2004 quedando establecido o prezo do contrato para o período 01-06-2004 ó 31-05-2005 na cantidade de 50.100,50 euros.

Terceiro.- Aprobar a segunda revisión de prezos do contrato con efectos a partir do 01-06-2005 quedando establecido o prezo do contrato para o período 01-06-2005 ó 31-05-2006 na cantidade de 51.553,41 euros.

14(1318).- PRÓRROGA DO CONTRATO DO SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICA PARA A XESTIÓN DE EXPEDIENTES E WEB DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 2130/113.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 09-05-05 do xefe do negociado de Contratación conformado pola membro da Xunta de Goberno Local, Sra. Iglesias Bueno e visto que figuran no expediente os correspondentes RC 2005000043772 e RCFUT1 200500043779 do servizo de Intervención, a Xunta de Goberno Local acorda:

Autorizar a prórroga para o período comprendido entre o 01-10-2005 ó 31-09-2006 do contrato para a execución da asistencia técnica para o desenvolvemento das tarefas referentes á xestión de expedientes e á Web do Concello de Vigo adxudicado a FEUGA (Fundación Empresa Universidade Galega) por acordo da Xunta de Goberno de 13-09-2004.

O importe máximo da prórroga do contrato ascende á cantidade de 50.400 euros que se imputarán 25.000 euros á partida 121.7.227.06.03 do presuposto do ano 2005 e 25.400 euros á mesma partida do ano 2006.

15(1319).- RECLAMACIÓN DE D^a. M^a MERCEDES MIÑAMBRES PUIG DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 412/243. ESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Administración Xeral do Servizo de Patrimonio, do 23 de setembro de 2005, conformado pola xefa da Área de Réxime interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dona M^a Mercedes Miñambres Puig presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 23 de novembro de 2004, no que expón que o 18 de novembro do mesmo ano, ás 12:45, camiñando pola rúa Pi y Margall, á altura do nº 141, caeu ó chan por mor dunha louseta da beirarrúa que se atopaba solta, e que aparentemente estaba en bo estado. Como consecuencia da caída sufriu diversas lesións: rotura do labio superior, rotura de dous dentes (incisivos superiores), corte na ponte da nariz e hematoma con erosión na cella esquerda.

A reclamación substanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Informe do servizo de Vías e Obras, de 29/11/2004, manifestando que a louseta estaba 3 centímetros máis alta que as outras por un extremo e polo outro extremo estaba afundida 3 cm.*
- Probas testifical, en data 10/05/2005, ás testemuñas propostas pola reclamante.*
- Dictame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, de data 06/07/2005, que cuantifica os mesmos en 9.067,69 euros.*
- Evacuase trámite de audiencia á reclamante en 22/07/2005, que non formula alegacións.*

Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992 de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que éste non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así, a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

A eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduca na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes, dará lugar á existencia da relación de causalidade entre o dano sufrido polo peón e o deficiente funcionamento do servizo público.

No presente suposto, constátase no expediente o deficiente estado da beirarrúa. Tal circunstancia entraña un risco especial para os viandantes, xa que se trata dun defecto oculto, que non é visíbel en circunstancias normais de circulación e tránsito, aínda empregando a dilixencia esixíbel como concreción da regra do control da propia deambulación. Dato que se desprende das declaracións das testemuñas, que manifestan que o feito causante da caída foi a existencia na beirarrúa de varias lousetas soltas, que aparentemente están en bo estado, e que ó pisalas móvense do seu sitio. Dado que as lousetas en mal estado foron a causa eficiente dos danos sufridos pola sra. Miñambres, estes poden vincularse ó funcionamento do servizo público e esta Administración deberá responder dos mesmos.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial de dona M^a Mercedes Miñambres Puig, e indemnizála coa cantidade de 9.067,69 euros”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(1320).- RECLAMACIÓN DE D^a. MARIA VICTORIA BRAVO MARTÍNEZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 272/243. ESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-propsota da técnica de Administración Xeral do Servizo de Patrimonio, do 22-09-05, conformado pola xefa da Área de Réxime interior, que di o seguinte:

Dona María Victoria Bravo Martínez presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 19 de xullo de 2004, no que expón que o día 13 de xuño de 2004, camiñando pola Vía Hispanidad, tropezou nunha focha pertencente a un báculo do alumeadado público, producíndose unha serie de lesións físicas (hematomas, erosións polo corpo e rotura de dúas pezas dentais) e danos materiais nos seus anteollos como consecuencia da caída.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Parte do servizo da Policía Local no que os axentes actuantes recollen as manifestacións da reclamante sobre o accidente e verifican a existencia dunha focha pertencente a un báculo do alumeadado, con catro espárragos sobresaíndo de forma considerábel.*
- Informe do servizo de Electromecánicos, de 26/10/2004, manifestando que a focha corresponde a unha base antiga dunha columna de alumeadado público e que se descoñece o motivo polo cal a beirarrúa non foi reparada no momento de substitución das columnas.*
- Dictame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 2.585,60 euros.*

- *Proba testifical, en data 03/03/2004, á testemuña proposta pola reclamante, que confirma o seu relato dos feitos.*
- *Evacuase trámite de audiencia á reclamante en data 03/03/2005, que non formula alegacións.*

Fundamentos de dereito:

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992 de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento Administrativo Común:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así, a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

A eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduca na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes, dará lugar á existencia da relación de causalidade entre o dano sufrido polo peón e o deficiente funcionamento do servizo público. No presente suposto, conséntase, á vista das fotografías achegadas pola reclamante, o deficiente estado da beirarrúa, pero a zona en mal estado é perfectamente visíbel a distancia non constituíndo, polo tanto, unha traba ou defecto oculto, xa que o burato pertence á base dunha columna de alumado público, que mide 40 x 40 cm. Se engadimos as circunstancias concorrentes: que a vítima é unha persoa de mediana idade e, á vista dos datos que constan no expediente, carente de defectos físicos que lle puidesen impedir ou dificultar a detección do mencionado obstáculo; que vivía na mesma rúa, a uns metros de onde ocorreu o accidente, polo que é de supor que non descoñecía o estado no que se atopaba a beirarrúa, podemos concluír que a negligencia da vítima interfiriu no nexo causal, impedindo vincular exclusivamente ó funcionamento do servizo público o dano padecido, polo que a informante estima que existe unha concurrencia de culpas entre a vítima e a Administración.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Estimar parcialmente a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por dona María Victoria Bravo Martínez e indemnizala polos danos sufridos na coantía de 1.292, 80 euros”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(1321).- RECLAMACIÓN DE D^a CARMEN VIDAL GONZÁLEZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 14/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Administración Xeral do Servizo de Patrimonio, do 27-09-05, conformado pola xefa da Área de Réxime interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dona Carmen Vidal González presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 12 de decembro de 2003, no que expón que o día 21 de novembro de 2003, camiñando pola rúa Rosalía de Castro, á altura do número 44, tropezou nunha loseta que se movía, producíndose unha serie de lesións físicas (xeonllo dereito, escordadura da man dereita, dor no cóbado e lado esquerdos) e danos materiais nun abrigo.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Informe do servizo de Vías e Obras, de xaneiro de 2004, manifestando que houbo unha reparación recente na beirarrúa de Rosalía de Castro diante do número 44.*
- Proba testifical, en data 28/05/2004, á testemuña proposta pola reclamante, que declara que dona Carmen tropezara nunhas baldosas mal asentadas por mor dunha tubería de gas e que o lugar da caída non corresponde co que se reflicte no informe do servizo de Vías e Obras.*
- Informe do servizo de Vías e Obras, de 16/06/2004, no que comunican que a empresa Gas Galicia non contaba con licenza municipal para executar obras na rúa Rosalía de Castro na data do accidente.*
- Trámite de Audiencia a Gas Galicia, que formula alegacións con data 16/09/2004 e informa que a empresa trasladou copia da reclamación á empresa Gasindur, S.L., que foi a que realizou as obras na devandita dirección.*
- Evacuase trámite de audiencia á reclamante en data 23/11/2005, que non formula alegacións.*

Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán derecho a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*

- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- d) Que non sexa produto de forza maior.

No presente caso, a causa eficiente da caída da sra. Vidal foi a existencia de lousetas soltas na beirarrúa por mor da realización de obras para a acometida do gas, e polo tanto, dos danos deberá responder a empresa que realizaba as devanditas obras, non sendo posíbel vincular os mesmos ó funcionamento, normal ou anormal de ningún servizo público deste Concello.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por dona Carmen Vidal González por non corresponder ó Concello a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non ser o responsabel das obras causantes do accidente e polo tanto non existir nexo de causalidade entre o accidente e o funcionamento do servizo público”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(1322).- RECLAMACIÓN DE D. JOSÉ MANUEL IGLESIAS ÁLVAREZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 16728/240. ESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-propsota da técnica de Administración Xeral do Servizo de Patrimonio, do , conformado pola xefa da Área de Réxime interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Don José Manuel Iglesias Álvarez presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 17 de novembro de 2003, polos danos persoais e materiais sufridos a consecuencia dun accidente de tráfico co seu ciclomotor Piaggio C11 matricula C-2826- BLJ, cando, o día 27 de maio de 2003, ciculaba pola Travesía de Vigo, á altura do nº 154, caeu o chan por mor da existencia dunha tapa de rexistro de saneamento situada por debaixo do nivel da calzada.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- *Dilixencias a prevención por accidente de circulación instruídas pola Policía Local, nas que os axentes actuantes recollen as manifestacións do reclamante sobre o accidente e achegan unhas fotografías da arqueta presuntamente causa do accidente.*
- *Informe do Parque Móbil, de data 9 de febreiro de 2004, manifestando que “na valoración de V4 Motos entendemos demasiado elevado o importe da pintura, posto que as pezas “tapa frontal” e “tapa manillar dianterira” subministranse xa pintadas, polo que estimamos o pintado da moto en 100 euros, o que faría un total ive incluído de 668 euros”.*
- *Informe do servizo de Vías e Obras, de data 28 de xullo de 2004, no que o inspector manifesta que a arqueta pertence á rede de saneamento.*
- *Dictame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, de data 24 de setembro de 2004, que coantifica os mesmos en 3.470,47 euros.*
- *Proba testifical, en data 20 de outubro de 2004, ás testemuñas propostas polo reclamante.*

Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano maila súa cuantificación económica procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e a conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así, a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de tal modo que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir. No presente caso, do informes obrantes no expediente, da Policía Local e da declaración das testemuñas presenciais, dedúcese que a existencia dunha arqueta por debaixo do nivel da calzada foi a causa eficiente dos danos sufridos polo sr. Iglesias, polo que estos poden vincularse ó funcionamento do servizo público e esta Administración deberá responder dos mesmos. Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por don José Manuel Iglesias Álvarez, indemnizándolle na coantía de 4.138,47 euros, dos cales 668,00 euros corresponden ó valor da reparación do vehículo de súa propiedade e 3.470,47 euros ós danos persoais sufridos a consecuencia do accidente”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

19(1323).- RECLAMACIÓN DE D. ANTONIO FERNÁNDEZ GARCÍA. DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 193/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Administración Xeral do Servizo de Patrimonio, do 30-09-05, conformado pola xefa da Área de Réxime interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

A compañía Allianz, en nome e representación de don Antonio Fernández García, presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 23 de marzo de 2004, no que expón que o día 05 de febreiro de 2004, ó circular o Sr. Fernández coa súa motocicleta, matrícula PO-2741-AU e asegurada pola devandita compañía, polo túnel da rúa Jenaro de la Fuente, esvarou pola presenza de cascallo na vía, producíndose tanto danos físicos á súa persoa como danos materiais ó seu vehículo.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Parte da Policía Local, con data 05/02/2004, no que os axentes actuantes manifestan que D. Antonio Fernández presentouse nas dependencias da Policía Local co brazo enxesado e declarou que esta mesma tarde caíra no túnel da rúa Jenaro de la Fuente por mor da presenza de cascallo na vía e produciuse danos físicos e materiais. Así mesmo, os axentes manifestan que, unha vez persoados no lugar do accidente, comprobaban a existencia de restos de arenilla e pó na marxe dereita da vía.*
- Informe do servizo de Limpeza, de 23/06/2004, manifestando, tras comprobar os partes de traballos destas datas, non teren constancia do mencionado na reclamación.*
- Dictame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 2.053,39 euros.*
- Informe do Parque Móbil, de 23/11/2004, comunicando que os prezos contidos no presuposto de Talleres Motos Valle Miñor, presentado pola compañía reclamante, por un importe de 738,90 euros IVE incluído, son correctos e proporcionais á descrición dos danos.*
- Evacuase trámite de audiencia á compañía reclamante, que formula alegacións con data 03/01/2005.*

Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

A carga da proba da existencia dun dano avaliábel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle ó reclamante, e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 Lei 30/1992).

Sobre esta base e á vista do expediente compróbase que o reclamante achega informes médicos sobre as súas lesións e as facturas dos danos materiais que reclama. Da devandita documentación dedúcese que o Sr. Fernández sufriu un accidente co seu vehículo en determinada data, o que lle ocasionou diversos danos, tanto persoais como materiais, pero non demostra en modo ningún que a causa eficiente do accidente fose a presenza de cascallo na calzada, e polo tanto a súa conexión causal co funcionamento anormal do servizo público de limpeza desta Administración, o que determinaría a responsabilidade da mesma nos danos obxecto da presente reclamación. Dado que a Policía Local acudiu ó lugar dos feitos horas despois do accidente e polo tanto non presenciou o mesmo nin existe ningunha testemuña presencial dos feitos, a informante estima que o reclamante non probou suficientemente os feitos nos que basea a súa reclamación.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada pola compañía Allianz, en nome e representación de don Antonio Fernández García, por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos ó non resultar probado o nexa causal entre os presuntos danos e o funcionamento de ningún servizo público deste Concello ”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

20(1324).- RECLAMACIÓN DE D. ALEJANDRO GONZÁLEZ-CARRERÓ LÓPEZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 178/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposita da técnica de Administración Xeral do Servizo de Patrimonio, do 30-09-05, conformado pola xefa da Área de Réxime interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Don Alejandro González-Carreró López presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 13 de maio de 2004, polos danos sufridos no vehículo de súa propiedade, matrícula BCZ-0485, ó circular co mesmo, o día 11 de maio de 2004, polo túnel de Beiramar ó introducir a roda nunha focha existente na calzada, case ó final do mesmo, que semellaba un sumidoiro sen tapa. Tras o incidente continuou circulando e uns minutos máis tarde, atopándose xa na autoestrada en dirección a Pontevedra, ó detectar o deficiente funcionamento do vehículo, detúvose e comprobou que a devandita roda estaba deshinchada polo que solicitou axuda do servizo de SOS da autoestrada para proceder ó cambio da roda, aínda que debido a tardanza procedeu el mesmo a efectuarlo cambio en continuar o seu viaxe.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Informe do servizo de Electromecánicos, de 09/07/2004, que expón que a empresa encargada do mantemento do túnel informa o 12/05/2004 da existencia dun sumidoiro sen tapa e que procede á súa reparación o 22/05/2004.*
- Informe de Autopistas del Atlántico Concesionaria Española, S.A. de 09/02/2005, que manifestan non ter constancia de solicitude de auxilio a través dos postes SOS por parte do reclamante.*

- Informe do Parque Móbil, de 02/03/2005, comunicando que os prezos contidos na factura nº 0189441, por un importe de 100,01 euros IVE incluído, son correctos e proporcionais á descrición dos danos.
- Evacuase trámite de audiencia ó reclamante, que formula alegacións con data 21/03/2005.

Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- d) Que non sexa produto de forza maior.

A carga da proba da existencia dun dano avaliábel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle ó reclamante, e a dos feitos impositivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 Lei 30/1992). Nesta liña, o instrutor dirixiuse á empresa concesionaria da autopista por se tivesen constancia da solicitude de auxilio do Sr. González, dado que o reclamante non presenta testemuñas presenciais do presunto accidente nin consta tampouco a intervención da Policía Local nin de ningún servizo de asistencia en estrada.

Sobre esta base e á vista do expediente, pode constatar que se produce unha absoluta ausencia de actividade probatoria por parte do reclamante, limitando a súa argumentación á descrición dos feitos e á presentación da factura dos danos materiais que reclama. Da mesma, dedúcese que o sr. González procedeu ó cambio dun pneumático do seu vehículo en determinada data, pero non demostra en modo ningún, nin o feito de que rachara unha roda do seu vehículo, nin que a presunta rotura se producise no túnel de beiramar nin a súa conexión causal co funcionamento, normal ou anormal, de ningún servizo público desta Administración. Dado que a Policía Local non ten constancia do accidente nin existe ningunha testemuña presencial dos feitos, a informante estima que a reclamante non probou suficientemente os feitos nos que basea a súa reclamación.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de don Alejandro González-Carreró López, por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos ó non resultaren probados nin os feitos nin o nexo causal entre os presuntos danos e o funcionamento de ningún servizo público deste Concello ”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

21(1325).- RECLAMACIÓN DE D^a. MILAGROS BARCIA DEL RÍO DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 16050/240. ESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Administración Xeral do Servizo de Patrimonio, do 28-09-05, conformado pola xefa da Área de Réxime interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dona Milagros Barcía del Río presenta de reclamación de responsabilidade patrimonial, con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 15 de maio de 2003, no que expón que o día 30 de outubro de 2002 circulando co seu ciclomotor PIAGGIO ZIP matrícula C-5871-BBJ pola Avda. de Castrelos en confluencia coa rúa Canicouba, perdeu o control do seu vehículo debido a existencia dunha sustancia esvaradiza na calzada provocando a súa caída.

A reclamación substanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- *Dilixencias a prevención por accidente de circulación instruídas pola Policía Local, nas que os axentes, tras recoller as manifestacións da reclamante sobre o accidente, constatan a existencia dunha sustancia esvaradiza na calzada, polo que se requeriu a presenza dun equipo do servizo de limpeza que procedeu a limpeza da calzada.*
- *Informe do servizo de Limpeza, de data 1 de setembro de 2003, manifestando que, consultados os arquivos do servizo, comprobán que o día 30 de outubro de 2002, despois de ser avisados pola Policía Local, os operarios da empresa contratada para o servizo de limpeza viaria da cidade, FCC, realizou na Avda. de Castrelos á altura do nº 194 a limpeza dos restos do accidente.*
- *Informe do Parque Móbil, de data 14 de outubro de 2003, manifestando que os prezos contidos no presuposto de Moto Manía por un importe de 453,59 euros son correctos e proporcionais á descripción dos danos.*
- *Dictame estimatorio de valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, de data 9 de setembro de 2004, que cuantifica os mesmos en 30.817,26 euros.*
- *Evacúase trámite de audiencia á reclamante, que formula alegacións en 10 de marzo de 2005.*

Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán derecho a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) *A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) *O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que éste non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*

- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- d) Que non sexa produto de forza maior.

Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de limpeza viaria (artigos 25.2.1 e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así, a Administración ten o deber ineludíbel de manter as vías públicas de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

A eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos usuarios nas condicións de seguridade das vías polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduca na existencia de obstáculos non apreciábeis polos automobilistas, dará lugar á existencia da relación de causalidade entre o dano sufrido polo usuario e o deficiente funcionamento do servizo público.

No presente suposto, constátase no expediente a existencia de una sustancia esvaradiza na calzada. Tal circunstancia entraña un risco especial para os automobilistas, xa que se trata dun obstáculo imprevisíbel en circunstancias normais de circulación e tránsito, aínda empregando a dilixencia esixíbel como concreción da regra do control da propia circulación. Dato que se desprende das Dilixencias a prevención por accidente de circulación instruídas pola Policía Local, que manifestan como posíbel factor concorrente na produción do accidente o estado o condición da vía. Dado que o deficiente estado da calzada foi a causa eficiente dos danos sufridos pola sra. Barcía, estes poden vincularse ó funcionamento do servizo público e esta Administración deberá responder dos mesmos.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial de dona Milagros Barcía del Río, e indemnizála coa cantidade de 31.270,85 euros”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

22(1326).- RECLAMACIÓN DE D^a CARMEN MASCATO MONTENEGRO DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 15252/240. ESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Administración Xeral do Servizo de Patrimonio, do 28-09-05, conformado pola xefa da Área de Réxime interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dona Carmen Mascato Montenegro presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 9 de agosto de 2002, no que expón que o 8 de agosto do mesmo ano sufriu unha caída na rúa Gran Vía, a altura do nº 15, a consecuencia de dúas lousetas soltas na beirarrúa.

A reclamación substanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Informe do servizo de Vías e Obras, de setembro de 2002, manifestando que, como pode comprobarse na fotografía achegada, se trataba dun punto no que faltaban catro lousetas, descoñecéndose quen e porque levantou as lousetas. O día en que foron tomadas as fotografías, 28 de agosto de 2002, procedeuse a reparación do desperfecto.*
- Parte do servizo da Policía Local, no que os axentes actuantes manifestan que a uns dous metros da entrada do portal nº 15 da Gran Vía, había unhas lousetas mal asentadas e que puideron causar a caída da señora. Debido a que continuaban sendo un risco para os peóns, levantaron dúas delas e as retiraron a un lado.*
- Dictame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, de 26 de xullo de 2004, que cuantifica os mesmos en 7.850,46 euros.*
- Proba testifical, en data 15 de outubro de 2004, ás testemuñas propostas pola reclamante.*
- Evacúase trámite de audiencia á reclamante en 15 de outubro de 2004, e non formula alegacións.*
- Dictame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, de 10 de xaneiro de 2005, que cuantifica os mesmos en 1.527,12 euros*
- Evacúase trámite de audiencia á reclamante, que formula alegacións en data 17 de febreiro de 2005, manifestando a súa disconformidade coa existencia no expediente de dúas valoracións médicas contraditorias, considerando que debe terse en conta a primeira posto que coincide co informe do seu médico de cabeceira.*

Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que éste non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así, a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó

seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

A eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduca na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes, dará lugar á existencia da relación de causalidade entre o dano sufrido polo peón e o deficiente funcionamento do servizo público.

No presente suposto, constátase no expediente o deficiente estado da beirarrúa. Mais non existe coincidencia entre as testemuñas sobre o tipo de defecto e de si se trataba dun defecto oculto ou se o mesmo era apreciábel a certa distancia. Así, mentres que a filla da reclamante manifesta que se trataba dunha louseta mal asentada e non visíbel, a outra testemuña, que carece de parentesco ou relación algunha coa interesada á vista do que se lle presume maior obxectividade, manifesta que a causa da caída foi que esta “tropezó con una baldosa que estaba un poco levantada” e, ó ser preguntado polo instructor sobre a que distancia podía apreciarse o defecto, contesta “se podía ver a unos dos metros”. O parte da Policía Local non contribúe a esclarecer esta cuestión, pois os axentes actuantes non foron testemuñas presenciais dos feitos e polo tanto non poden determinar a causa da caída, límitanse a recoller as manifestacións da accidentada, se ben presumen que, dada a existencia dunhas lousetas mal asentadas nas inmediacións, estas puideron ser as causantes da caída. De tratarse de lousetas mal asentadas, tal circunstancia entrañaría un risco especial para os viandantes, xa que se trataría dun defecto oculto, non visíbel en circunstancias normais de circulación e tránsito, aínda empregando a dilixencia esixíbel como concreción da regra do control da propia deambulación. Dado que as lousetas en mal estado foron a causa eficiente dos danos sufridos pola Sra. Mascato, estes poden vincularse ó funcionamento do servizo público, e esta Administración deberá responder dos mesmos.

Respecto a valoración das lesións, hai que matizar que a existencia no expediente de dúas valoracións médicas débese a que, nun primeiro momento, se tivo en conta para establecer o período de convalencia da Sra. Mascato un informe do seu médico de cabeceira no que, 6 meses despois do accidente, fai constar as secuelas do mesmo. No entanto, dado que non consta no expediente máis que o parte de asistencia no servizo de urxencias do día do accidente, outro de asistencia de 5 días despois e o devandito informe do seu médico de cabeceira, chamou a atención o feito de que unha simple contusión precisase seis meses para a súa curación, e que durante este período o seu médico de cabeceira non tivese solicitado consulta con algún especialista en cirurxía maxilo-facial ou aloumenos con un dermatólogo, polo que se solicitou un novo informe médico á asesoría médica do Concello. Dado que a Sra. Mascato non acreditou o seu período de incapacidade cos partes de baixa e alta médica nin xustificou a evolución das súas lesións con informes de médicos especialistas durante tan dilatado período de convalencia, no segundo informe de valoración dos danos corporais da Sra. Mascato tívose en conta o período normal de curación para este tipo de lesións, se ben se computaron como secuelas as alxias residuais mencionadas polo seu médico de cabeceira no seu informe, secuela que non se tiña en conta no primeiro informe.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por dona Carmen Mascato Montenegro, e indemnizála coa cantidade de 1.527,12 euros”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

23(1327).- RECLAMACIÓN DE D. JULIO MARTÍNEZ IGLESIAS DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 3/243. ESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Administración Xeral do Servizo de Patrimonio, do 27-09-05, conformado pola xefa da Área de Réxime interior e polo Interventor xeral, que di o seguinte:

Antecedentes:

Don Julio Martínez Iglesias presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 01 de decembro de 2003, polos danos sufridos no seu vehículo, con matrícula PO-1437-AX, cando estando estacionado no recinto do Xardín Inglés do Pazo-Museo Quiñones de León, o día 21 de novembro de 2003, caeulle enriba unha póla de eucalipto.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- *Informe do servizo de Montes, Parques e Xardíns, de 28/05/2004.*
- *Informe do Encargado xeral de Patrimonio Histórico, de 16/06/2004, manifestando que D. Julio Martínez, como empregado de Forsai, S.L., empresa contratada para a realización de traballos de mantemento nos xardíns do Pazo, contaba con autorización para estacionar o vehículo no lugar do accidente.*
- *Informe do servizo de Parque Móbil, 15/07/2004, manifestando que os prezos contidos na factura nº 203 de Talleres Delgado por un valor de 354,40 euros son correctos e proporcionais á descrición dos danos.*
- *Proba testifical á testemuña proposta, en data 07/09/2004, que manifesta que viu a póla xunto ó vehículo sinistrado e que o mesmo contaba con danos na parte do conductor, no cristal dianteiro e no marco da porta.*
- *Informe do Encargado Xeral de Patrimonio Histórico, de 21/09/2004, manifestando que fora requerido por un xardineiro municipal para comprobar os danos producidos no vehículo e que, ó chegar ó lugar do accidente, viu que se atopaba unha póla de 15 centímetros de diámetro xunto ó vehículo e que este contaba cos seguintes danos: golpe sobre o marco da porta esquerda, teito e estalado do parabrisas.*
- *Evacúase trámite de audiencia ó reclamante en data 09/12/2004, que non formula alegacións.*

Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán derecho a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*

d) *Que non sexa producto de forza maior.*

Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de parques e xardíns (artigos 25.2.d e 26.1da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). A Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

No presente suposto, dos informes obrantes no expediente dedúcese que a causa eficiente dos danos foi a rotura dunha póla dunha árbore, que ó desprenderse e caer bateu contra o vehículo do reclamante. Dado que o mantemento e conservación do parque de Castrelos pertence ó servizo de Patrimonio Histórico deste Concello, existe unha clara relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público municipal e esta Administración deberá responder dos mesmos.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial de don Julio Martínez Iglesias e indemnizálo coa cantidade de 354,40 euros, correspondentes ó valor da reparación dos danos do seu vehículo”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

24(1328).- RECLAMACIÓN DE D^a EMILIA RODRIGUEZ VIEITEZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 104/243. ESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Administración Xeral do Servizo de Patrimonio, do 27-09-05, conformado pola xefa da Área de Réxime interior e pola Intervención Xeral, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dona Emilia Rodríguez Viéitez presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 12 de marzo de 2004, no que expón que o día 28 de decembro de 2003 o vehículo de súa propiedade, con matrícula PO-8713-BJ, conducido por D. Álvaro Fernández Rosendo, colisionou cun colector de lixo desprazado polo vento na rúa Pi y Margall, á altura do número 121, feito que, xunto á deficiente iluminación da vía, causou danos na parte fronto-lateral do vehículo.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- *Dilixencias a prevención por accidente de circulación instruídas pola Policía Local, nas que os axentes actuantes manifestan que o vehículo non puido evitar o golpe co colector que se desprazara ó centro da calzada, situación na que o atoparon os axentes ó chegar ó lugar dos feitos, polo que procederon á súa retirada.*

- Informe do servizo de Limpeza, de 10/05/2004, manifestando que o colector é de propiedade do Concello de Vigo e que non teñen constancia dos feitos reclamados, nem de que houbera unha mala manipulación dos colectores por parte da empresa encargada da recollida de lixo.
- Informe do Parque Móbil, de 03/12/2004, comunicando que os prezos contidos no presuposto de Talleres Delma S.L., presentado pola reclamante, por un importe de 649,73 euros IVE incluído, son correctos e proporcionais á descrición dos danos.
- Evacuase trámite de audiencia á reclamante, notificado no Boletín Oficial da provincia en data 15/02/2005, que non formula alegacións.

Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de recollida de lixo (artigos 25.2.1 e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local), para a prestación do cal é necesaria a utilización de determinados medios materiais, como recolectores situados na vía pública para o depósito de residuos sólidos. O Concello, como titular destes bens, correspóndelle o deber de vixilancia e mantemento dos mesmos, para que non poñan en risco a seguridade dos vehículos e persoas que utilizan a vía pública na que están situados, e este deber obriga a Administración a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que alteren as condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

Do parte da Policía Local dedúcese inequívocamente que a causa eficiente dos danos producidos no vehículo da sra. Rodríguez foi o impacto cun colector de lixo, que se desprazara da súa ubicación orixinal e que atravesou a calzada, polo que concluímos que se dá unha relación directa entre o danos, e o que neste caso se constata como un deficiente funcionamento do servizo público, debendo esta Administración responder dos mesmos.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial de dona Emilia Rodríguez Viéitez e indemnizalo coa cantidade de 649,73 euros, correspondente ó valor da reparación dos danos do seu vehículo”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

25(1329).- RECLAMACIÓN DE D. JOSÉ CAMPOS DÁVILA DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 233/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Administración Xeral do Servizo de Patrimonio, do 03-10-05, conformado pola xefa da Área de Réxime interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Don José Campos Dávila presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 24 de xuño de 2004, no que expón que o día 14 de outubro de 2003, D. David Campos Martínez, ó circular pola rúa Muíños co vehículo de propiedade do reclamante, matrícula 6499-BXW, tivo un accidente ó atopar en plena calzada unha gabia da que non se puido desviar, producíndose danos materiais ó vehículo.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Dilixencias a prevención por accidente de circulación instruídas pola Policía Local, con data 14/10/2003, nas que os axentes actuantes manifestan que D. David Campos declaroulles terse visto sorprendido pola existencia da gabia, pese a existencia no lugar dun sinal de perigo indefinido, e non puido esquivala. Así mesmo, os axentes manifestan que posibelmente a chuvia caída nas horas anteriores ó accidente puideron ter desprazado algo de terra da gabia aumentando a súa profundidade.*
- Informe do sevizo de Vías e Obras, con data 26/11/2004, no que informan que a gabia onde se produciu o accidente pertence á rede de abastecemento e que posibelmente fora realizada por mor dos traballos que se estaban a realizar para a circunvalación.*
- Informe do Parque Móbil, de 03/12/2004, comunicando que os prezos contidos na factura nº T1235022 de Talleres Rodosa S.L., presentado polo reclamante, por un importe de 720,13 euros IVE incluído, son correctos e proporcionais á descrición dos danos.*
- Evacuase trámite de audiencia á empresa concesionaria do servizo de abastecemento, U.T.E. Aqualia-FCC, que formula alegacións en data 26/04/2005.*
- Evacuase trámite de audiencia ó reclamante, que formula alegacións con data 08/02/2005.*

Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*

- c) *Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) *Que non sexa produto de forza maior.*

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así, a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

Consonte o artigo 139 do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación, correspóndelle ó titular da vía a responsabilidade do seu mantemento nas mellores condicións posíbeis de seguridade para a circulación, e a instalación e conservación nela dos adecuados sinais e marcas viais. Cando se realicen obras que dificulten de cualquera modo a circulación vial, ó artigo 140 do citado regulamento, impón a obriga de sinalizalas, tanto de día como de noite. No presente caso, consta no parte policial a existencia de obras sinalizadas, e os artigos 53 do Real Decreto Legislativo 339/1990, de 2 de marzo, polo que se aproba o Texto Articulado da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial e 132 do regulamento todos os usuarios están obrigados a obedecer os sinais da circulación regulamentarias que se atopen nas vías polas que circulen e a adaptar su comportamento ós mensaxes das mesmas.

Dadas as condicións climatolóxicas reinantes no momento do accidente, era de noite e había unha neboa intensa, o que restrinxía a visibilidade (así consta no parte policial), estando a zona en obras, e ante a existencia dun sinal de perigo indefinido, o conductor debeu extremar as precaucións e circular a pouca velocidade, circunstancias que de concorrir con toda probabilidade houberen evitado o accidente, dado que perante o tempo de duración das obras non consta a existencia doutros accidentes no mesmo lugar. Á vista destes datos, a informante estima que a negligencia do conductor interfiriu no nexo causal, impedindo vincular ó accidente ó funcionamento, normal ou anormal de ningún servizo público desta Administración.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación formulada por don José Campos Dávila, por non lle correspnder a este Concello a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non resultar probado o nexo causal entre o accidente e o funcionamento, normal ou anormal, de ningún servizo público desta Administración”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

i

26(1330).- REVISIÓN PREZOS DO CONTRATO DE XESTIÓN DO CAT A FAVOR DE VAN DIVULGACIÓN CULTURAL, S.L., MAIO 2004/XULLO 2005. EXPTE. 3028/307.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 06-09-05 da xefa de Patrimonio Histórico conformado polo concelleiro-delegado de Patrimonio Histórico, polo concelleiro-delegado de Economía e Facendo e así mesmo intervido e conformado polo interventor xeral que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local de 21 de xuño de 2004 aprobou a adxudicación do concurso para a contratación da xestión e dinamización do Centro de Artesanía Tradicional á empresa “Van Divulgación Cultural, S.L.” por un importe de 44.146 euros anuais, con cargo á partida 4531.227.06.01.

O prazo do contrato é de dous anos, contado a partir do día seguinte ó da sinatura do mesmo, que tivo lugar o 9 de xullo de 2004.

A data de apertura de ofertas pola Mesa de Contratación foi o 25 de maio de 2004.

O punto terceiro do prego de cláusulas administrativas recolle a revisión de prezos do xeito seguinte:

“Procederá a primeira revisión de prezos transcurrido un ano dende a data de inicio do contrato e recollerá a variación experimentada polo IPC nacional no período que medie entre a data de revisión e a de apertura de proposicións económicas.”

Deste xeito, o período de cálculo do IPC é maio 2004 – xullo 2005, e segundo os datos do INE que se adxuntan, ó aumento é de 2,7%.

Polo exposto, solicítase desa Xunta de Goberno Local:

- Autorizar disposición de crédito por importe de 1.191,94 euros na partida 4531.227.06.01, en execución do punto terceiro do prego de cláusulas administrativas para a contratación por concurso dos servizos de xestión e dinamización sociocultural do Centro de Artesanía Tradicional (CAT), adxudicado pola Xunta de Goberno Local de 21 de xuño de 2004 á empresa “Van Divulgación Cultural, S.L.”, con cargo a que se pagarán os incrementos derivados da revisión de prezos no período maio 2004 – xullo 2005.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta que se contén no precedente informe.

27(1331).- EXPTE. DE URXENTE TRAMITACIÓN DA ADXUDICACIÓN DO SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DE XARDIÑEIRAS COLGANTES PARA RÚAS COMERCIAIS. 2ª FASE EXPTE. 1722/104.

Examinadas as actuacións do expediente, de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Turismo e Comercio de outubro de 2005, conformado pola concelleira-delegada de Turismo e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal e así como polo interventor xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar os pregos de prescricións técnicas e administrativas para a contratación mediante procedemento negociado sen publicidade do subministro e instalación de xardiñeiras colgantes para rúas comerciais. II Fase, que se achegan.

Segundo.- Declarar urxente a tramitación deste expediente, derivado dos prazos de xustificación da subvención concedida pola Consellería de Inmoción, Industria e Comercio, baseada no artigo 71.1 do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

Terceiro.- Aprobar o gasto por importe de 86.695,70 euros, IVE incluído, para o “Subministro e instalación de 144 xardiñeiras colgantes para rúas comerciais. II Fase”, con cargo á partida orzamentaria 622.0.601.00.01, “Plan de dinamización comercial” do presuposto en vigor.

Cuarto.- Tendo a necesidade de continuar coa estética xa implantada no ano 2004, adxudicar á empresa CALFENSA, CIF. B-27182682, o subministro e instalación da segunda fase de xardiñeiras colgantes para rúas comerciais, por ser esta empresa a única que subministra este tipo de xardiñeiras, xa instaladas na primeira fase nas mesmas rúas comerciais, ou adxacentes, conforme co establecido no artigo 182,c do Texto Refundido da lei de Contratos das Administracións Públicas, por importe de 86.695,70 euros, con cargo á partida orzamentaria 622.0.601.00.01, “Plan de dinamización Comercial”, do presuposto actualmente en vigor”.

28(1332).- RECEPCIÓN PARCIAL DAS OBRAS DE URBANIZACIÓN DO PLAN PARCIAL CAMBESES, REFERIDA Á ETAPA I FASE I DA ETAPA II. EXPTE. 4557/401.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 04-08-05 do técnico de Administración Xeral do departamento de Planeamento e Xestión da Xerencia Municipal de Urbanismo que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- *En data 02/03/1998 o Pleno do Concello acordou aprobar definitivamente o Plan Parcial do "PAU CAMBESES". Estableceuse a súa execución nun polígono único, polo sistema de compensación (BOP do 07/05/1998, expte. 3577/411). Dito Acordo foi clarexado mediante outro posterior adoptado polo mesmo órgano municipal no 25/02/2002 (BOP do 26/03/2002).*

2.- *Nos días respectivos 06/06/2002 e 31/01/2002 o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo acordou aprobar definitivamente o Proxecto de Compensación e Proxecto de Urbanización dese ámbito (exptes. 4314/401 e 4269/401).*

No mes de marzo de 2003 a Xunta de Compensación constituíu un Aval no "Banco Popular" polo importe de 815.473,83 euros en garantía da correcta execución das obras de urbanización (Operación 18/03/2003, OCVDU-CV-2003000134352).

3.- *No 22/10/2004 o representante da Xunta de Compensación do polígono de referencia presentou un escrito nesta Administración municipal solicitando a recepción provisional da primeira fase da urbanización. Trala emisión de diversos Informes e trámites, en data 21/03/2005 esta Administración municipal dirixíulle un Oficio á Xunta de Compensación a fin de que subsanase certas deficiencias.*

4.- *En data 23/05/2005 o representante da Xunta de Compensación presentou un escrito nesta Administración municipal xustificando a subsanación dos posibles defectos da urbanización e solicitando a recepción da correspondente á etapa I e á primeira fase da etapa II. Achegou con ese escrito un Informe acreditativo da suficiencia da rede de telecomunicacións implantada para a prestación dese servizo polas distintas operadoras.*

5.- *No 27/07/2005 o enxeñeiro técnico municipal de obras públicas na oficina de "supervisión de proxectos e inspección de obras" emitiu un Informe favorable á recepción parcial das obras de urbanización. Nel manifestou*

a súa conformidade coas obras de pavimentado executadas, así como a constancia no expediente de informes favorables sobre as instalacións realizadas de saneamento, abastecimento de auga, gas, telefonía e electricidade. Tamén emitiron informe favorable os departamentos municipais de Parques e Xardíns e Servizos Electromecánicos. Non obstante engádese neste Informe do enxeñeiro municipal a conviñenza de que se execute unha barandilla ou protección en ambas beiras do regato que atravesa o ámbito, para evitar a caída accidental dos viandantes.

No 28/07/2005 o mesmo enxeñeiro emitiu outro Informe no que propuxo a recepción provisional (sic: parcial) das devanditas obras de urbanización.

No 29/07/2005 o enxeñeiro técnico de obras públicas da Xerencia de Urbanismo emitiu un Informe ó respecto. Nél considerou razoable protexer cunha barandilla o cauce do regato que discorre por ese ámbito. No referente á infraestrutura de telecomunicacións, remitiuse ó sinalado no seu anterior Informe do 10/03/2005, no que manifestara que:

"El Proyecto contemplaba un sobredimensionamiento del prisma de telecomunicaciones, que se ha reducido a cuatro conductos de 125 mm como figura en la documentación adjunta a la solicitud de recepción, suficiente para más de un operador (...). El Técnico que suscribe considera garantizada la libre concurrencia de operadores en función de la capacidad de la red construída, además de entender justificado la reducción en la sección del prisma (...). El mantenimiento, conservación, así como los consumos energéticos que precisen estas obras, serán por cuenta de la Junta de Compensación, hasta la recepción total de las obras incluídas en el Plan Parcial Cambeses".

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- O art. 110.5 Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística de Galicia (LOUGA) dispón que: "A recepción polo concello das obras de urbanización en execución do planeamento rexerese polo disposto na lexislación de contratos das administracións públicas".

O art. 147.1 RDLex. 2/2000, do 16 de xuño, aprobatorio do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas preceptúa que:

"1.- No tempo de recepción das obras trala súa terminación e ós efectos establecidos no artigo 110.2, concurrirá un facultativo designado pola Administración, representante desta, o facultativo encargado da dirección das obras e o contratista asistido, se o estima oportuno, do seu facultativo (...). 2.- Se as obras atópanse en bo estado e axustadas ás prescricións previstas, o funcionario técnico designado pola Administración contratante e o representante desta daraas por recibidas, levantándose a correspondente acta e comenzando entón o prazo de garantía (...) 3.- O prazo de garantía (...) non poderá ser inferior a un ano".

Neste caso, o Informe e Proposta do enxeñeiro da oficina municipal de supervisión de proxectos e inspección de obras do 27 e 28 de xullo de 2005 antes citados poderían considerarse equivalente á acta de recepción das obras, aínda que pendente da súa ratificación polo órgano municipal competente.

Rexerán os prazos de garantía e responsabilidade por vicios ocultos establecidos na normativa de contratación citada e nos demais preceptos que resulten de aplicación.

II.- Por outra banda, a propiedade do ámbito deberá asumi-lo mantemento das novas zonas verdes cedidas ó Concello, tal e como preceptúa o Apto. 3.2.3.5.b) 'in fine' PXOU-93 (páx. 28 BOP nº 133, do 14/07/93). Para tal fin, unha vez recibidas totalmente as obras de urbanización, os propietarios deberán constituírse en entidade urbanística de conservación (art. 110.6 LOUGA). No entanto, a Xunta de Compensación conservará esas zonas verdes.

É competente para adopta-lo Acordo que agora se propón a Xunta de Goberno Local, de conformidade co disposto no art. 127.1.d) LBRL.

En virtude do exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a fin de que, previo dictame da Xerencia de Urbanismo, adopte o seguinte acordo:

PRIMEIRO: Aprobala recepción parcial das obras de urbanización do Plan Parcial Cambeses, referida á Etapa "I" e á Fase "I" da Etapa "II" (expte. 4557/401).

SEGUNDO: A Xunta de Compensación asumirá a conservación das novas zonas verdes do polígono en tanto en canto non se reciban totalmente as obras de urbanización e se constituía unha entidade de conservación.

TERCEIRO: Antes da recepción total das obras de urbanización deberá executarse unha barandilla nas beiras do regato que atravesa o ámbito, para evitar posibles caídas dos viandantes.

CUARTO: Notifíquese este Acordo ós servicios municipais de Licenzas, Supervisión de Proxectos, Vías e Obras, Patrimonio e Contratación, Estatística, Cultura, Limpeza, Parques e Xardíns, Tráfico e Electromecánicos, así como ás entidades concesionarias de servizos públicos. Notifíquese tamén o seu contido íntegro á Xunta de Compensación e propietarios do polígono, coa indicación de que contra él cabe interpór, alternativamente, recurso de reposición nesta Administración municipal no prazo dun mes, ou recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

29(1333).- CONSTITUCIÓN DE ENTIDADE URBANÍSTICA DE CONSERVACIÓN NA UE IV-12 RAMÓN NIETO. EXPTE. 4349/401.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 27-09-05, do técnico de Administración Xeral do departamento de Xestión da Xerencia Municipal de Urbanismo que di o seguinte:

A presidencia da XMU, con data 30 de xuño de 2000, aprobou definitivamente o proxecto de compensación da UE IV-12, Ramón Nieto 6. Foi corregido por acordos posteriores do Consello da XMU de 9 de novembro de 2000.

No devandito proxecto de compensación especificábase o seguinte: "(...) en cumprimento do disposto no apartado 3.2.5.b), in fine, da normas urbanísticas do PXOU de Vigo, sobre conservación de zonas verdes e espazos libres, a futura conservación das mesmas será de cargo da entidade de conservación que se constituirá por transformación da propia xunta de compensación, os estatutos da cal serán presentados para a súa aprobación ó Concello de Vigo (...)"

A Xunta xeral da Xunta de Compensación do polígono, de 12 de marzo de 2002, aprobou por unanimidade os estatutos desta entidade urbanística de conservación das zonas verdes e espazos libres do ámbito, e con data 2 de abril de 2002, presontounos para a súa aprobación nesta Administración municipal.

Por acordo do Consello da XMU de 17 de xullo de 2003 se deu aprobación definitiva o proxecto de estatutos para a constitución, por transformación da xunta de compensación, e funcionamento da entidade urbanística de

colaboradora de conservación da unidade de actuación IV-12, Ramón Nieto. O texto dos estatutos foi o publicado no BOP de Pontevedra (nº23) de 4 de febreiro de 2003 (Expte. 4349/401).

No escrito de 17.06.05 presentado por don Andrés Méndez González, infórmabase da adopción do acordo de disolución da xunta de compensación da aludida unidade de actuación e transformación en entidade de conservación, non obstante, no apartado segundo se comunicaba a imposibilidade de constitución da entidade de conservación pola non consecución do quorum necesario.

FUNDAMENTOS LEGAIS OU CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

1.- Necesidade de constitución dunha entidade urbanística de conservación.- De acordo co previsto no artigo 110.6 da Lei 9/02, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, permite ó planeamento prever que a conservación da urbanización sexa a cargo dos propietarios dos soares resultantes. Tal previsión xa viña contida no artigo 68 do RD 3.288/78, de 25 de agosto, de xestión urbanística. A obriga de conservación ven así mesmo derivada da aplicación do artigo 3.2.5.b in fine do vixente plan xeral de ordenación municipal.

2.- Obriga dos propietarios de formar parte da entidade de conservación e quorum para a súa constitución.- Tanto a normativa de aplicación (RD 3288/78, de 25 de agosto -arts. 24-30 e 67-70-), como a propia Xurisprudencia, considera que para a constitución dunha entidade de conservación non é obrigatorio o quorum que se esixe nas xuntas de compensación e a súa constitución é obrigatoria non sendo necesario a conformidade de todos os obrigados a formar parte da mesma (STS 26 de outubro de 1998, RJ 1998,7688). Os propietarios non poden sustraerse da participación da entidade de conservación, obriga que ven derivada da aplicación do plan xeral de ordenación municipal vixente no artigo, do proxecto de compensación e do resto dos acordos de aplicación dos mesmos.

3.- Constitución da entidade de conservación por transformación da xunta de compensación.- Según a documentación achegada por don Andrés Méndez González como secretario da Xunta de Compensación da UE IV-12, na sesión da mesma de día 27 de maio acordouse a disolución da citada entidade urbanística colaboradora. Así mesmo, acordouse a transformación da xunta de compensación en entidade de conservación (punto 2º da sesión), tal e como se establecían nas bases e estatutos da entidade. Esta posibilidade ven prevista regulamentariamente no artigo 25.2 do RD 3.288/78, de 25 de agosto.

4.- Órgano competente para adopción do presente acordo.- Tendo en conta o disposto no artigo 127.1.d da Lei 7/85, de 2 de abril, de bases de réxime local, a competencia para a aprobación do presente asunto corresponde á Xunta de Goberno Local.

Por todo elo, fórmase a seguinte proposta de resolución:

1. Tendo en conta o acordo da Xunta de Compensación da UE IV-12 Ramón Nieto-6 (punto 2º da asemblea extraordinaria de 27.05.05), aprobar a constitución da entidade de conservación da citada unidade de actuación, da que forman parte todos os propietarios da mesma (artigo 9º estatutos).
2. De acordo co previsto nos estatutos (aprobados definitivamente por acordo do Consello da XMU o 17.07.03), requirir ós presidentes das comunidades de propietarios para que convoquen unha asemblea da xunta xeral para o posterior nomeamento dos membros da xunta directiva. Con posterioridade será comunicado o nomeamento de cargos ó Concello, para a inscrición no Rexistro de entidades urbanísticas colaboradoras.
3. Nomear como representante desta Administración municipal na xunta directiva a don Jose Manuel Figueroa Vila.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

30(1334).- APROBACIÓN DEFINITIVA DO CONVENIO DE XESTIÓN DO POLÍGONO 11 DO PERI DO CALVARIO. EXPTE. 4492/401.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 26-09-05 do técnico de Administración Xeral do departamento de Xestión da Xerencia Municipal de Urbanismo que di o seguinte:

Co número 7088/411, tramítase por esta Xerencia Municipal de Urbanismo expediente sobre modificación puntual do Plan Especial de Reforma Interior IV-04 do Calvario no seu polígono 11, comprensiva da ordenación de volúmenes do ámbito, da delimitación do propio polígono e da substitución da compensación, como sistema de actuación previsto para a execución deste ámbito, polo de cooperación.

O dito polígono 11, ocupado por distintas construcións, algunhas delas anteriores ó Plan Especial e outras, mais recentes, posteriores a éste, executadas, asistemáticamente, ó abeiro do convenio suscrito polo Concello de Vigo, a "Asociación de propietarios-veciños afectados polo PERI do Calvario" e a "Asociación administrativa de contribuíntes da Avda. de Ronda", presenta un importante grado de consolidación nos seus bordes.

A devandita modificación comprende, segundo se dixo, non so a ordenación dos volumes do polígono senón, tamén, a redefinición dos límites do mesmo, excluindo as parcelas xa edificadas, que procede considerar como zona consolidada, a fin de facilita-la xestión do polígono.

Non obstante, dentro desta zona consolidada prevese polo planeamento un uso público en superficie, que recae sobre a cuberta dos sotos das edificacións sinaladas cos numeros 138 da rúa San Roque (151 m2 de superficie) e 32 da rúa Gregorio Espiño (280 m2 de superficie); dereitos que é preciso adquirir para, previo tratamento das ditas superficies, destinar estas ó uso público.

A vista desta necesidade viñéronse mantendo entre a Xerencia Municipal de Urbanismo e a mercantil "Espacio Vital Construcción y Promoción, S.L.", comitente na redacción do proxecto da devandita modificación puntual, conversas para a conclusión dun convenio urbanístico de execución de planeamento coa finalidade de garanti-la obtención dos devanditos dereitos de uso público e urbanización das superficies sobre os que recae. Fruto de tales conversas é a proposta de convenio, que se contén como anexo a esta proposta de acordo e que se somete a aprobación definitiva da Xunta de Goberno Local.

O Consello da XMU, na súa sesión de 22 de decembro de 2003, adoptouse o seguinte acordo: "(...) 1.- Aprobar inicialmente a conclusión coa mercantil <Espacio Vital Construcción y Promoción, S.L.> do convenio urbanístico de execución de planeamento, que de seguido se transcribe, a virtude do cal a devandita entidade asume a obriga de satisfacer-lo precio xusto da adquisición por expropiación dos dereitos de uso público de superficie a que o convenio se refire e os gastos de urbanización das superficies sobre os que os ditos dereitos recaen, facultando ó concelleiro-delegado de urbanismo para a súa inicial sinatura. 2.- Asinado que sexa inicialmente o convenio, sométase o mesmo, conxuntamente co expediente número 7088/411, sobre modificación puntual do Plan Especial de Reforma Interior IV-04 do Calvario no sue polígono 11, ó trámite de información pública, mediante anuncio publicado no DOG (...)"

O anuncio de aprobación inicial do convenio urbanístico foi publicado na edición do 5 de marzo de 2004 do Faro de Vigo e no Diario Oficial de Galicia de 26 de marzo. A notificación e a publicación abriron un trámite de información pública xunto do acordo de aprobación inicial da modificación do polígono 11 do PERI do Calvario, delimitación do seu polígono e cambio de sistema de actuación.

Durante o anterior trámite presentaron alegacións as seguintes persoas: Vitoria García Hervello (5.04.04 e 26.05.04), Jose Rodríguez González (5.04.04), Manuel Rodríguez Costas (6.04.04), Alejandro Conde Rincón e outra (7.04.04), Cándido Míguez Vázquez (7.04.04), Alejandro Conde Rincón e outra (24.05.04), Cándido Míguez Vázquez (25.04.04), Rosina García Fernández (26.05.04), Isabel Gómez López (26.05.04), Faustino Rivera Nieto (27.05.04), Jacinto A. Méndez Melero (28.05.04), Leonor Conde Fernández (28.05.04), Raul Vilariño Conde (28.05.04), Ana Mª Esteban Campillo (31.05.04), Josefa Fariñas Álvarez (1.06.04), Jose González Rodríguez (7.06.04), Enrique Vidal Somoza (8.06.04). A contestación as alegacións está contida na parte expositiva do acordo de aprobación definitiva do expediente 7088/411 (acordo plenario de 12.09.05).

O 12.9.05 o Pleno acordou a seguinte resolución: "(...) Primeiro.- Aprobar definitivamente a modificación do PERI do Calvario, delimitación do seu polígono 11 e do sistema de actuación para a súa execución, redactada elaborada polos arquitectos D. Salvador Fraga Rivas, D. Francisco Javier García-Quijada Romero e D. Manuel Portolés Sanjuán e conta con visado do COAG de 17 de Novembro de 2004 (Memoria e planos números 5 e 6,7), visado do 7 de outubro de 2003 (planos 1, 2, 3, 4, 7, 8, 9, 10, 11 e 12) e 17 de decembro de 2003 (tomo de contestación ó informe da Dirección Xeral de Urbanismo) (...)".

CONSIDERACIÓNS XURIDICAS

1.- *Facultade da Administración de suscripción de convenios urbanísticos con particulares.-* A posibilidade de concluir convenios urbanísticos, na súa dobre modalidade de convenios de xestión e de planeamento, está expresamente recollida e regulada na Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, no seu título VIII "A Administración autonómica e os municipios, así como as súas organizacións adscritas e dependentes e as demais organizacións por eles creadas conforme a esta Lei, poderán suscribir, conxunta e separadamente, e sempre no ámbito das súas respectivas esferas de competencias, convenios urbanísticos entre si e con persoas públicas ou privadas." (artigo 233 da LOUGA). Mais concretamente, no que agora interesa, establece o artigo 236.1 da mesma lei que "A Administración autonómica e os municipios, así como as entidades públicas adscritas ou dependentes dunha e outros e os consorcios creados por tales administracións, poderán celebrar, no ámbito das súas respectivas competencias e conxunta ou separadamente, convenios con personas públicas ou privadas para determinar as condicións e os termos da xestión e execución do planeamento urbanístico en vigor no momento da celebración do convenio."

2.-*Procedemento de aprobación dos convenios urbanísticos.-* A súa negociación, formalización e cumprimento rexeranse polos principios de transparencia e publicidade e serán nulas de pleno dereito as estipulacións dos convenios que contraveñan, infrinxan ou defrauden obxectivamente, en calquera forma, normas imperativas, legais e regulamentarias, incluídas as do planeamento urbanístico, en especial as reguladoras do réxime urbanístico do solo e dos deberes dos propietarios deste (artigo 233, apartados 2º e 3º da LOUGA). A conveniencia da conclusión do convenio proposto resulta da exposición que antecede. Doutra parte, as estipulacións do convenio que se propón non contraveñen nin infrinxen ou defraudan, obxectivamente, en calquera forma, normas imperativas, legais e regulamentarias, incluídas as do planeamento urbanístico, en especial as reguladoras do réxime urbanístico do solo e dos deberes dos propietarios deste, tal e como proscribese o artigo 233, apartados 2º e 3º da LOUGA. De acordo co artigo 237 da LOUGA"1) Unha vez negociados e suscritos, os convenios se someterán ó trámite de información pública, mediante anuncio publicado no DOG e en, ó menos, un dos xornais de maior circulación da provincia, por un período mínimo de vinte días. 2) Cando a negociación dun convenio coincida coa tramitación do procedemento de aprobación do instrumento de planeamento co que garde directa relación, deberá incluírse o texto íntegro do

convenio na documentación sometida a información pública propia do devandito procedemento, substituíndo esta á prevista no número anterior. 3) Trala información pública, o órgano que negociase o convenio deberá, á vista das alegacións, elaborar unha proposta de texto definitivo do convenio, da que se dará vista á persoa ou persoas que negociasen e subscribisen o texto inicial para a súa aceptación, reparos ou, se é o caso, renuncia. 4) O texto definitivo dos convenios deberá ser ratificado polo órgano competente e deberá asinarse dentro dos quince días seguintes á notificación da aprobación do texto definitivo pola persoa ou persoas interesadas, privadas ou públicas.

3.-Contido das alegacións.- As alegacións presentadas e constestadas no acordo plenario de 12.9.05 non alteran o contido do convenio aprobado inicialmente, polo tanto, estímase improcedente o outorgamento dun novo trámite de audiencia.

4.- Aseguramento do cumprimento das obrigas contidas no convenio.- De acordo coa estipulación primeira do convenio asinado inicialmente, a entidade mercantil "Espacio Vital Construcción y Promoción, S.L." deberá asumir os custos de expropiación dos dereitos afectados con destino a uso e dominio público emprazados no exterior da nova delimitación. Tendo en conta o disposto no artigo 21 da Lei 6/98, de 13 de abril, de réxime do solo e valoracións, o citado compromiso deberá ser inscrito no rexistro da propiedade. De tal xeito, o acordo de aprobación definitiva do convenio, quedará condicionada a que no proxecto de equidistribución sexa gravada unha parcela propiedade da empresa conveniente, cunha carga ou afección real de aboamento do importe do necesario para a adquisición dos aludidos dereitos. Previamente a aprobación do proxecto de equidistribución, se recabará informe técnico de valoración dos dereitos a expropiar. A valoración do aproveitamento da parcela a gravar con esta carga, será superior ao dos dereitos a expropiar.

5.- Requisitos das persoas que vaian a contratar coa Administración.- Tendo en conta a natureza do contrato e o sometemento á lexislación de contratos administrativos dos actos de preparación e adjudicación, esixe que os convenientes, acrediten a capacidade de obrar (documentación xa incorporada ó expediente), solvencia económica e técnica ou profesional, así como xustificación de non estar ó corrente coas administracións tributarias e coa seguridade social. Por outra parte, deberá aportarse declaración responsable de non estar incurso nas prohibicións de contratar contidas no artigo 20 do Real decreto lexislativo 2/2000, 16 de xuño, de contratos das Administracións Públicas.

6.- Competencia para a aprobación definitiva do convenio.- Por último, conforme o artigo 127.1.d da Lei 7/85, de 2 de abril, polo que se aproba a Lei de bases de réxime local, a atribución para a aprobación dos instrumentos de xestión urbanística corresponde á Xunta de goberno local.

Polo exposto e á vista das precedentes consideracións e artigos citados, propónse á Xunta de goberno local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar definitivamente a conclusión coa entidade mercantil "Espacio Vital Construcción y Promoción, S.L." do convenio urbanístico de execución de planeamento, que de seguido se transcribe, polo cal a devandita entidade asume a obriga de satisfacerlo prezo xusto da adquisición por expropiación dos dereitos de uso público de superficie a que o convenio se refire e os gastos de urbanización das superficies sobre os que os ditos dereitos recaen, facultando ó concelleiro delegado de urbanismo para a súa formalización. A eficacia do presente acordo queda condicionada o cumprimento do contido dos puntos 4 e 5 da parte expositiva.

Segundo.- Notifíquese o presente acordo ós interesados, informándolles que dentro dos quince días seguintes á mesma deberán asinar o texto definitivo. Transcurrido este prazo sen que tal asinamento tivese lugar, entenderase que renuncian a aquel.

CONVENIO QUE SE CITA:

Na Casa do concello de Vigo, a de de duosmil cinco

C O M P A R E C E N

Dunha parte, D José Manuel Figueroa Vila, concelleiro-delegado de Urbanismo, na representación legal do Concello de Vigo, asistido polo secretario da Xerencia Municipal de Urbanismo, D. Jose Riesgo Boluda.

Doutra, D. Victor Vila Davila, maior de idade, D.N.I. nº 35.999.950-M, e D. José Antonio López Domínguez, maior de idade, D.N.I. nº 35.969.787-H, en nome e representación de “ESPACIO VITAL CONSTRUCCIÓN Y PROMOCION S.L.”, de duración indefinida, C.I.F. B-36.781.037, constituída mediante escritura autorizada o 5 de setembro de 1994 ante o notario desta residencia, D. José-Luis Lorenzo Areán, nº 1.811 de protocolo, e inscrita no Rexistro mercantil de Pontevedra ó folio 7 do libro 1.512 de sociedades, inscrición 1ª folia, nº PO-12759; domiciliada en Vigo (CP 36210), rúa A Caeira, 2-baixo.

REUNEN, xa que logo, os comparecentes, a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente CONVENIO URBANÍSTICO, de acordo cos seguintes

A N T E C E D E N T E S

I

Co número 7088/411 tramítase por esta Xerencia Municipal de Urbanismo expediente sobre modificación puntual do Plan Especial de Reforma Interior IV-04 do Calvario no seu polígono 11, comprensiva da ordenación de volúmenes do ámbito, da delimitación do propio polígono e da substitución da compensación, como sistema de actuación previsto para a execución deste ámbito polo de cooperación.

II

O dito polígono 11, ocupado por distintas construcións, algunhas delas anteriores ó Plan Especial e outras, mais recentes, posteriores a éste, executadas, asistemáticamente, ó abeiro do convenio suscrito polo Concello de Vigo, a “Asociación de propietarios-veciños afectados polo PERI do Calvario” e a “Asociación administrativa de contribuíntes da Avda. de Ronda”, presenta un importante grado de consolidación nos seus bordes.

III

A devandita modificación comprende, segundo se dixo, non so a ordenación dos volumes do polígono senón, tamén, a redefinición dos límites do mesmo, excluindo as parcelas xa edificadas, que procede considerar como zona consolidada, a fin de facilita-la xestión do polígono.

IV

Non obstante, dentro desta zona consolidada prevese polo planeamento un uso público en superficie, que recae sobre a cuberta dos sotos das edificacións sinaladas cos numeros 138 da rá San Roque (151 m2 de superficie) e 32 da rúa Gregorio Espiño (280 m2 de superficie); dereitos que é preciso adquirir para, previo tratamento das ditas superficies, destinar estas ó uso público.

V

A vista desta necesidade viñéronse mantendo entre a Xerencia Municipal de Urbanismo e a mercantil "Espacio Vital Construcción y Promoción, S.L.", comitente na redacción do proxecto da devandita modificación puntual, conversas para a conclusión dun convenio urbanístico de execución de planeamento coa finalidade de garanti-la obtención

dos devanditos dereitos de uso público e urbanización das superficies sobre os que recae; conversas que conduciron a conclusión do presente convenio.

Con estos antecedentes e coa finalidade antedita outorgase o presente convenio urbanístico, de acordo coas seguintes

ESTIPULACIONES

Primeira.- A entidade mercantil “Espacio Vital Construcción y Promoción S.L.”, comprométese a asumir los custos de expropiación dos dereitos afectados con destino a uso y dominio público emprazados no exterior da nova delimitación do polígono e referidos nos antecedentes deste convenio, así como os custos a que ascenda a súa urbanización.

Segunda.- As obriga de pago e de asunción dos ditos compromisos serán efectivas unha vez firme en vía administrativa o proxecto de reparcelación que no seu día aprobe definitivamente o Excmo. Concello de Vigo (Xerencia Municipal de Urbanismo) e unha vez aprobado definitivamente o proxecto de urbanización.

Terceira.- As expropiacións realizaranse polo sistema de tasación conxunta e a valoración realizarase con aplicación dos criterios sinalados na Lei 6/1998 de 13 de abril, sobre o réxime do solo e valoracións.

Cuarta.- O Excmo. Concello de Vigo tramitará coa maior axilidade posible o proxecto de reparcelación, proxecto de expropiación e o proxecto de urbanización, xa sexan redactos de oficio polos servicios técnicos municipais o por “Espacio Vital Promoción y Construcción S.L.”.

Quinta.- Unha vez aprobado definitivamente o expediente de expropiación por tasación conxunta, requirirase a “Espacio Vital Promoción y Construcción S.L.”, por parte da Administración municipal, para proceder ó pago ou consignación do xustipreico o fin de posibilita-la ocupación dos bens e dereitos afectados. O Excmo. Concello de Vigo facilitará os medios precisos para que non se entorpeza polos expropiados ou por terceiros dita ocupación, acordando sen demora a execución forzosa se elo fora necesario.

Sexta.- Toda vez que os compromisos anteditos se refiren a solo exterior ó ámbito do polígono, o proxecto de reparcelación e o proxecto de urbanización poderán ser aprobados definitivamente con anterioridade á aprobación definitiva do procedemento de expropiación por tasación conxunta así como con anterioridade á aprobación definitiva do proxecto de urbanización desos terreos.

Sétima.- Os propietarios poderán constituirse en asociación administrativa de cooperación con fin de colaborar coa administración municipal no desenvolvemento e execución do polígono.

Oitava.- O texto íntegro do presente convenio foi incluído na documentación do expediente de modificación puntual do PERI IV-04 “CALVARIO” que se sometió á información pública propia do dito procedemento. Trala información pública elaborouse unha proposta de texto definitivo do convenio, debendo asinarse dentro dos quince días seguintes á notificación da aprobación de dito texto definitivo, todo ello conforme ó disposto no art. 237 da Lei 9/2002, de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

En proba da conformidade co contido deste convenio o firman os comparecentes no lugar e data arriba indicadas

O concelleiro-delegado de urbanismo

José Manuel Figueroa Vila

Victor Vila Davila Antonio López Domínguez

O secretario da Xerencia Municipal de Urbanismo

Jose Riesgo Boluda

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

31(1335).- ESTATUTO E BASES DE ACTUACIÓN DO POLÍGONO 3 DO PERI IV-01 SAN ROQUE A. DESESTIMENTO. EXPTE. 4616/401.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Administración Xeral do departamento de Planeamento e Xestión da Xerencia Municipal de Urbanismo do 30-09-05, que di o seguinte:

FEITOS

1º.- En data 12/09/2005 a Xunta de Goberno Local acordou:

"PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o proxecto de Estatutos e Bases de Actuación da Xunta de Compensación do Polígono 3 do PERI IV-01 San Roque, promovido pola entidade mercantil "Inmobiliaria Urbis SA" (expte. 4616/401).

SEGUNDO: Abrir un trámite de información pública polo prazo de vinte días hábiles, mediante publicación de anuncios no BOP e nun diario dos de maior circulación na provincia.(...)".

2º.- No 20/09/2005 o representante da entidade mercantil "Urbis SA" interpuxo na Xerencia de Urbanismo un escrito no que manifestou a súa intención de adherirse ó modelo xeral de Estatutos e Bases de Actuación das Xuntas de Compensación aprobado polo Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo no 11/12/2003, publicado no BOP núm. 1, do 02/01/2004. Tamén solicitou que se lle tivese por desistido na súa solicitude inicial de aprobación de "Estatutos e Bases de Actuación" específicos para o referido polígono.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- O art. 87.1 Lei 30/1992, do 26 de novembro (LRXA-PAC) dispoñe que: "Porán fin ó procedemento administrativo a resolución, o desistimento, a renuncia ó dereito no que se funde a solicitude, cando tal renuncia non estea prohibida polo Ordenamento Xurídico e a declaración de caducidade".

O art. 90.1 da mesma Lei preceptúa que: "Todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando elo non estea prohibido polo Ordenamento Xurídico, renunciar ós seus dereitos". E o art. 91 engade que: "1.- Tanto o

S.ord. 10.10.05

desistimento como a renuncia poderán efectuarse por calquera medio que permita a súa constancia. 2.- A Administración aceptará de plano o desistimento ou a renuncia, e declarará concluído o procedemento salvo que, téndose personado no mesmo terceiros interesados, instasen éstos a súa continuación no prazo de dez días dende que foron notificados do desistimento".

Neste concreto caso o desistimento solicitado resulta acorde a dereito e non prexudica ós intereses públicos, considerándose que os propietarios que representan máis do 70% da superficie do polígono prefiren adherirse ó modelo xeral de Estatutos e Bases de Actuación aprobado polo Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo no 11/12/2003 (BOP núm. 1, do 02/01/2004).

II.- É competente para dicta-lo Acordo que agora se propón a Xunta de Goberno Local, tal e como dispoñe o art. 127.1.d) LBRL.

En virtude do exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: Ter por desistida á entidade mercantil "Inmobiliaria Urbis SA" na súa solicitude de tramitación e aprobación dun proxecto específico de Estatutos e Bases de Actuación para a Xunta de Compensación do Polígono 3 do PERI IV-01 San Roque, declarando concluído o procedemento e ordeando o seu arquivo (expte. 4616/401).

SEGUNDO: Notifíqueselle o contido íntegro deste Acordo a tódolos propietarios do polígono, coa indicación de que contra o mesmo cabe interpór, alternativamente, recurso de reposición nesta Administración municipal no prazo dun mes, ou recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

32(1336).- PREGO DE CLAUSULAS ADMINISTRATIVAS PARA A CONTRATACIÓN POR CONCURSO DAS OBRAS DO PROXECTO DE DEMOLICIÓN PARCIAL E RECONSTRUCCIÓN DA CUBERTA DO EDIFICIO CAMBÓN. EXPTE. 2189/101.

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 06-09-05 do xefe do negociado de Contratación conformado polo concelleiro de Patrimonio e así mesmo intervido e

conformado polo interventor xeral, visto o informe xurídico do 04-10-05 do letrado asesor da Asesoría Xurídica, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar o proxecto de execución das obras do proxecto de demolición parcial e reconstrución da cuberta do edificio Cambón, redactado polo arquitecto D. Alberto Abia Alonso.

Segundo.- Autorizar o gasto de 360.000 euros para a execución do proxecto de demolición parcial e reconstrución da cuberta do edificio Cambón que están consignados na partida 1210.632.00.01 do presuposto do ano 2005.

Terceiro.- Aprobar o prego de condicións administrativas para a contratación por concurso aberto das obras de demolición parcial e reconstrución da cuberta do edificio Cambón.

Cuarto.- convocar o concurso para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

33(1337).- CONTRATACIÓN POR PROCEDIMENTO NEGOCIADO E URXENTE Á EMPRESA ATLAS SERVICIOS EMPRESARIALES, PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ATENCIÓN Ó PÚBLICO E CONSERXERÍA NOS CENTROS CÍVICOS DEPENDENTES DA ÁREA DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ. EXPTE 815/321.

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 07-10-05 do xefe de Participación e Atención Cidadá conformado pola delegada do Goberno da área de Participación Cidadá, que di o seguinte:

Na actualidade a concellería de Participación Cidadá, ten en funcionamento 3 centros de atención municipal nos centros cívicos “Casco Vello”, “Coruxo” e “Teis”, a prestación deste servizo está adxudicado conforme a normativa legal á empresa Atlas Servicios Empresariales e ten como data de finalización do servizo o día 6 de outubro de 2005.

Con data 6 de xuño de 2005 o servizo de Atención Cidadá co número de expediente 743/321 remitiu o servizo de contratación a solicitude de tramitación da CONTRATACIÓN DUNHA PRESTACIÓN DE SERVICIOS DE ATENCIÓN Ó PÚBLICO E CONSERXERÍA DOS CENTROS CÍVICOS DEPENDENTES DA CONCELLERÍA DA ÁREA DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ. Na data de emisión do presente informe o mencionado expediente atópase no servizo 111 (Asesoría xurídica), tendo en conta a imposibilidade de finalizar a tramitación do concurso antes da finalización do contrato actual, e tendo en conta que nos centros realizase entre outros os servizos de atención ó público e conserxería nos Centros Cívicos, nos que prestaranse os servizos, de vixilancia e control de accesos, a atención os cidadáns tanto telefónica como presencial e telemática sobre temas relacionadas coa dependencia, e ofrecer información sobre actividades que se desenvolvan no municipio, tanto as realizadas polo Concello como as que realicen as entidades privadas, así como realizar as labores de administración e xestión dos centros cívicos de

Teis, Coruxo, Casco Vello e Saians e dos Centros Municipais de Internet existentes nos mesmos, é necesaria e urxente a contratación deste servizo tendo en conta o interese e utilidade pública do servizo de atención a cidadanía que se presta nestes centros.

Coa finalidade de cumprir coa urxencia necesaria este servizo é necesario a contratación por procedemento negociado urxente, polo prezo establecido na actualidade e coas especificacións técnicas do prego actual e debe terse en conta que na actualidade a empresa Atlas Servicios Empresariales, ten adxudicado a prestación do servizo e o realiza a plena satisfacción tal e como consta nas enquisas de calidade realizadas nos centros. PROPOÑO a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1. Contratar a empresa Atlas Servicios Empresariales por procedemento negociado e urxente, no prezo establecido e coas especificacións técnicas do prego de condicións técnicas actual, en tanto non se formalice o novo contrato e unha data máxima de finalización do 31/12/2005.
2. A fianza a depositar no contrato será a depositada actualmente que continuará en vigor en tanto continúe o contrato.
3. Se insta o servizo de contratación á formalización urxente do contrato establecido no punto 1º.
4. Os cargos do contrato realizaranse con cargo a certificación de crédito expedida pola Intervención municipal número 2005000045322.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta contida no antedito informe.

34(1338).- PREGO DE CONDICIÓN ADMINISTRATIVAS PARA A CONTRATACIÓN DA REDACCIÓN DO PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN PARA A CONTRUCCIÓN DUNHA PISCINA EN VALLADARES. EXPTE. 5536/333.

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 21-09-05 do director deportivo do IMD conformado pola concelleira de Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local e así mesmo intervido e conformado polo interventor xeral, visto o informe do titular da Asesoría Xurídica, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Autorizar o gasto de 30.000€ para a contratación da asistencia técnica para a elaboración do Proxecto Básico e de Execución para a construción dunha piscina en Valladares.

Segundo.- Aprobar os pregos de cláusulas técnicas e administrativas para a contratación por procedemento negociado sen publicidade do Proxecto Básico e de Execución dunha piscina en Valladares.

Terceiro.- Convocar o procedemento para a selección do contratista na forma prevista legalmente.

35(1339).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, a Sra. presidenta rematou a sesión ás nove horas e vinte minutos.
Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Lucía Molares Pérez.